"5. As modificacións do catálogo serán aprobadas polo Consello da Xunta, cunha periodicidade mínima bimestral e rexeranse polo procedemento recollido no artigo 4º desta lei."

Emenda nº11, ao apartado 6, de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado 6 no artigo 3, co seguinte texto:
"6. En todo caso, modificarase o catálogo sempre que haxa modificación dos prezos menores establecidos polo Ministerio competente na materia."

Emenda nº12, de Substitución. Artigo 4

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 16:46
Nº Rexistro: 54794
Data envio: 23/11/2010 16:46:29

Débese substituir o artigo 4, que quedará redactado do seguinte xeito:
"4. Procedemento de modificación do catálogo
1. Unha vez analizadas a información da facturación de receitas oficiais e dos prezos actuais dos medicamentos, así como dos prezos menores dispoñibles no Nomenclátor do Sistema Nacional de Saúde, a unidade administrativa con responsabilidade na materia, elaborará un informe do grupo de principios activos e da súa repercusión económica.
2. O informe será obxecto de estudio pola Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica que elevará a correspondente proposta de catálogo priorizado de medicamentos en atención aos criterios e condicións xerais de inclusión establecido.
3. O catálogo priorizado de produtos farmacéuticos será aprobado, mediante Orde, pola Consellería de Sanidade."

Emenda nº13, de Substitución. Disposición final primeira

Débese substituir o texto da Disposición final primeira, polo que segue a continuación:
"Facúltase á Consellería de Sanidade a promover e concluír os negocios xurídicos necesarios para a adecuada selección de provedores, a fin de que esta se axuste a requisitos técnicos e económicos que permitan implementar unha prestación farmacéutica máis eficiente na nosa Comunidade Autónoma."

Emenda nº14, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir o texto da Exposición de motivos, polo que segue a continuación:

"A Comunidade autónoma de Galicia ten a obriga de asegurar a sostibilidade do sistema sanitario público é para elo considera imprescindible, e inaprazable, a actuación sobre un dos puntos máis críticos que poden estar a ameazalo na actualidade: o incremento do gasto na prestación farmacéutica. A implantación dun catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, é unha das medidas que se considera poden axudar a racionalizar este gasto. Este catálogo ten como obxectivo último o finanzamento selectivo de medicamentos e produtos sanitarios dentro do Nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos, elaborado polo Ministerio responsable en

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 16:46
Nº Rexistro: 54794
Data envio: 23/11/2010 16:46:29

materia de sanidade. En este sentido, con respecto aos medicamentos, o catálogo seleccionaría algúns dos recollidos nun mesmo conxunto de intercambio, entendendo como tal o conxunto dos que teñen o mesmo principio activo, a mesma dose, a mesma presentación e igual número de unidades por envase. Estes medicamentos do conxunto de intercambio posúen a mesma eficacia, seguridade, calidade e considéranse intercambiables entre si. O criterio a aplicar para levar a cabo esta selección de medicamentos de cara á elaboración do catálogo priorizado, será o do prezo menor, elaborado periodicamente polo Ministerio responsable, para cada medicamento no conxunto de intercambio, e coas premisas de asegurar o abastecemento e evitando situacións de perturbación do mercado.

Deste xeito, o catálogo asegura o mesmo nivel de prestación farmacéutica que existe en calquera punto do sistema nacional de saúde pero a un custo asumible de cara a conseguir a viabilidade do sistema sanitario público de Galicia, agora e no futuro. Así, o catálogo prantexase dun xeito dinámico dotado de mecanismos que lle permitan incorporar calquera modificación que se produza no Nomenclátor oficial, cumprindo con elo a garantía de prestación farmacéutica á que o sistema sanitario público de Galicia está obrigado.

De conformidade coa lei 29/2006, de 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, a prestación farmacéutica defínese como o conxunto de actuacións dirixidas a que os pacientes reciban e utilicen, de forma adecuada ás súas necesidades clínicas, nas doses precisas segundo os seus requirimentos individuais, durante o período de tempo adecuado, coa información para o seu correcto uso e ao menor custe posible.

Dita lei contempla que a xestión das Comunidades Autónomas, en materia de sanidade, comprende un amplo espectro de políticas en canto a prioridades no tratamento dos problemas de saúde, introdución de novas tecnoloxías e novos tratamentos, así como promoción de alternativas más eficientes nos procesos diagnósticos e terapéuticos desenvolvidos polos profesionais das respectivas Comunidades Autónomas.

Dentro do ámbito de execución destas alternativas máis eficientes está o campo da xestión de prestación farmacéutica, cuxa definición abarcaría tanto a medicamentos, produtos sanitarios como as actuacións dos profesionais sanitarios implicados no ciclo prescripción-dispensación dos produtos farmacéuticos.

No artigo 85 desta lei establécese que as Administracións sanitarias fomentarán a prescripción dos medicamentos identificados polo seu principio activo na receita médica e que,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 16:46
Nº Rexistro: 54794
Data envio: 23/11/2010 16:46:29

nos casos nos que o prescriptor indique na receita simplemente un principio activo, o farmacéutico dispensará o medicamento que teña menor precio e, en caso de igualdade de prezo, o xenérico, se o houbese.

Pola súa banda o artigo 89 da lei establece a posibilidad de conformar reservas singulares par as condicións específicas de prescrición, dispensación e financiamento dos medicamentos no Sistema Nacional de Salud.

Así, o artigo 88 da citada lei, relativo ao principio de igualdade territorial e procedemento coordinado, recoñece o dereito de todos os cidadáns a obter medicamentos en condicións de igualdade en todo o Sistema Nacional de Saúde, especificando que se desenvolverá sen prexuízo das medidas tendentes a racionalizar a prescrición e a utilización de medicamentos e produtos sanitarios que podan adoptar as Comunidades Autónomas en exercicio da súas competencias.

Además a devandita le no seu artigo 93, punto 4, apartado c, xa prevé

que cando se prescriba un medicamento que forme parte dun conxunto e que teña un prezo superior ao de referencia, poderase sustituir polo de menor prezo e idéntica composición cualitativa e cuantitativa en principios activos, forma farmacéutica, vía de administración, dosificación e presentación que o medicamento prescrito e, en caso de igualdade de prezio, polo medicamento xenérico.

O gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario, e un dos que máis comprometen a sostenibilidade futura dos sistemas sanitarios. Ademais, os contextos económicos desfavorables fan que aumente este nivel de compromiso.

O sistema sanitario de Galicia no é alleo a esta situación e, por elfo, é necesario adoitar con urxencia medidas políticas con obxectivo último de racionalizar o gasto farmacéutico na Comunidade Autónoma, sen prexudicar a calidade da prestación farmacéutica que reciben os cidadáns.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular considera necesaria a adopción de medidas de contención da factura farmacéutica, antepoñendo a visión epidemiolóxica, o óptimo social a nivel global e orientando as actuacións cara á racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia"

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2010 16:46
Nº Rexistro: 54794
Data envio: 23/11/2010 16:46:29

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 23/11/2010 16:46:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54695
Data envio: 19/11/2010 14:04:34.609

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados e deputada, **José Manuel Balseiro Orol, Emma Álvarez Chao, Rosendo-Luís Fernández Fernández** e **Miguel Ángel Santalices Vieira,** ao abeiro do disposto nos Artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión** polo procedemento de **Urxencia.**

Xustificación da Urxencia

Urxe a elaboración do informe de viabilidade sobre as características da futura residencia para así axilizar o procedemento previo á execución desta infraestructura de benestar.

Exposición de Motivos

Unha das prioridades da acción social e de benestar da Xunta de Galicia, e do conxunto das administracións públicas, é avanzar na atención das necesidades daquelas persoas que requiren apoios para desenvolver as actividades habituais da vida diaria, atopándose polo tanto en situación de dependencia e tamén a aquelas outras que polas súas problemáticas de saúde, familiar, social ou económica, non poden permanecer nos seus propios domicilios.

Dentro deste amplo colectivo estarían incluídas ás persoas maiores, de avanzada idade, para as que se existen un conxunto heteroxéneo de servicios, entre as que se establece a construcción, apertura e posta en marcha dunha rede de centros de día e residencias, sexa cal sexa o seu grado de dependencia.

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54695
Data envio: 19/11/2010 14:04:34.609

No termo municipal de Foz, e pese as múltiples promesas incumpridas pola anterior Xunta bipartita, veñen reclamando desde fai tempo a dotación dunha infraestructura de benestar destas características pero, lonxe do esperado, tras o cambio de Goberno, puido comprobarse que nin constaba ningunha partida orzamentaria destinada á construcción dun centro de día e residencia, nin se realizou ningunha actuación ou proxecto relacionado con tal obxecto.

Non foi ata o 23 de febreiro de 2009, cando o Concello de Foz notificou ao Consorcio de Igualdade e Benestar a decisión do seu Pleno municipal de ceder unha parcela de 4.000 metros cadrados pertencentes ao Padroado da Fundación *Asilo da Santísima Virxe do Carme* de Foz destinados á construcción dun fogar residencial, previa tramitación do expediente de segregación promovido polos titulares do terreo. Nese mesmo mes remitíase copia da escritura definitiva na que constaba a cesión do terreo por parte da Fundación ao Concello.

Tendo en conta estes antecedentes, cómpre desenvolver as xestións necesarias para comprobar a viabilidade desta infraestructura, analizar os diferentes ratios de cobertura para determinar que servicios de atención sociosanitaria e xeriátrica deben poñerse en marcha, así como as prestacións e características dos que disporá a futura residencia. O obxectivo final é que no ámbito específico do Concello de Foz, poida desenvolverse unha nova infraestructura residencial con centro de día, na que, como mínimo se preste a manutención, estimulación de capacidades funcionais, dinamización sociocultural, atención sanitaria, axuda á integración social e terapia ocupacional dirixida ás persoas maiores, ás futuras persoas usuarias e residentes.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54695
Data envio: 19/11/2010 14:04:34.609

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a elaborar un estudio de viabilidade para determinar as características e servicios dos que disporá a futura residencia con centro de día no termo municipal de Foz e, en función do resultado deste informe, impulsar os trámites necesarios para a súa execución á maior brevidade posible".

Santiago de Compostela, 19 de Novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 19/11/2010 14:02:49

José Manuel Balseiro Orol na data 19/11/2010 14:02:59

María Emma Álvarez Chao na data 19/11/2010 14:03:03

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 19/11/2010 14:03:11

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 19/11/2010 14:03:17

Marta Rodríguez Arias na data 19/11/2010 14:03:40

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54420
Data envio: 11/11/2010 20:07:12.912

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **José Luis Méndez Romeu**, **Francisco Cerviño González**, **Modesto Pose Mesura** e da súa deputada, **Mar Barcón Sánchez,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión.**

O Hospital "Abente y Lago" na cidade da Coruña, é unha das institucións principais da rede asistencial do Sergas, na área sanitaria coruñesa. Segundo a memoria oficial, conta con 116 camas, 7 quirófanos e 52 salas de consultas externas. Anualmente rexistra máis de 129.000 consultas externas.

Trátase ademais dun hospital de longa tradición na cidade. Logo de ter sido Hospital Militar dende o século XVIII, no ano 1995 a Xunta mercoulle o edificio ao Ministerio de Defensa e fixo os investimentos necesarios para incorporalo no complexo hospitalario da Coruña. Atrás quedaba unha longa loita dos seus traballadores para evitar o peche, mobilización que foi quen a mover as vontades das Administracións central e autonómica.

Nos últimos meses o hospital está a vivir unha progresiva perda da actividade como consecuencia das decisións da Consellería de Sanidade. Dunha banda, en horario ordinario, facultativos do cadro de persoal do hospital, realizan intervencións cirúrxicas en instalacións de hospitais concertados. Esta situación estase facendo nus casos de xeito voluntario e noutros de xeito forzoso, tendo sen utilización os quirófanos do hospital "Abente y Lago". Como exemplo: En horario de mañá de xuño a setembro non se ocuparon os 7 quirófanos. En horario de tarde só se utiliza 1 ou 2 a semana.

As condicións de traballo non son exactamente iguais nos quirófanos concertados que nos propios. Máis número de pacientes, menos persoal de enfermería, inexistencia de rexistros desas intervencións nas historias clínicas. Doutra banda, son frecuentes as repeticións de probas diagnósticas, con nova facturación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54420
Data envio: 11/11/2010 20:07:12.912

Unha vez iniciado ese proceso, que implica un dobre custo para o sistema sanitario, o persoal propio está sendo minorado: menos persoal de enfermería nos fins de semana, nos días festivos e polas noites. Mesmo o hospital está sen dirección médica e a coordinadora médica está destinada en Cee, a cen quilómetros de distancia.

Cómpre subliñar que dende que a Unidade de Reanimación, tendo a estructura e os dispositivos necesarios, (2 camas de críticos) pechou polas noites e fins de semana, cando os pacientes necesitan ese servizo é necesario avisar ó 061 para que os traslade o CHUAC.

Toda a planta de cirurxía de curta estancia está pechada os fins de semana. Laboratorio e banco de sangue foron pechados e trasladados ao CHUAC.

Así un hospital cun modelo moi eficiente de cirurxía sen ingreso ou de corta estancia, con índices de calidade sobresaíntes, está sendo abandonado, amosando unha tendencia que levará á ineficiencia e o peche das instalacións, como xa sucedeu ca UCEQ (Unidade de curta estancia cirúrxica) con 18 camas.

Esta situación repercute nos pacientes de varias formas. As citas para realizar un ecocardiograma, por exemplo, danse cunha espera de 6 meses a un ano, igual que para unha ecografía abdominal. E aínda existen demoras maiores para determinadas probas diagnósticas. A consulta de anestesia que se viña realizando todos os días da semana de mañá, rebaixouse a un día de mañá e dous de tarde con peonadas, con lista de espera de 6 meses o más. Toda esta espera tendo consultas cerradas polas tardes.

Cómpre lembrar que o Goberno Touriño reduciu as lista de espera nas especialidades onde esa situación era endémica, cun custo económico razoable.

Diante desa situación o Grupo Parlamentario Socialista considera necesario que a Consellería de Sanidade explique publicamente os seus obxectivos e ofreza garantías de recuperación da actividade clínica e cirúrxica do Hospital "Abente y Lago".

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54420
Data envio: 11/11/2010 20:07:12.912

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

É por iso que se formula a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego á mellora asistencial do Hospital Abente e Lago da Coruña, incrementando a utilización dos quirófanos, evitando o recurso a centros concertados cando exista capacidade no propio centro hospitalario, recuperando os servizos clausurados, co obxectivo final de mellorar a calidade asistencial e reducir as listas de espera existentes.

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2010

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Francisco Cerviño González
Modesto Pose Mesura
Mar Barcón Sánchez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luis Méndez Romeu na data 11/11/2010 19:43:40

Francisco Cerviño González na data 11/11/2010 19:43:46

Modesto Pose Mesura na data 11/11/2010 19:44:04

Mar Barcón Sánchez na data 11/11/2010 19:44:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/11/2010 19:44:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2010 18:24
Nº Rexistro: 54416
Data envio: 11/11/2010 18:24:10.281

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

É preciso que o Goberno galego faga unha aclaración pública das razóns que motivaron o cambio de adscrición dos veciños e veciñas de Lousame do Complexo Hospitalario Universitario Clínico de Santiago de Compostela ao Hospital do Barbanza sito en Oleiros (Ribeira).

Existe un gran desconcerto na poboación lousamiana xa que dificilmente no se entende que unha meirande parte dos veciños e veciñas que teñen a menor distancia o centro de referencia anterior agora teñan que facer un traxecto máis longo para poder chegar a un centro hospitalario.

É evidente que a distancia para os veciños de Lousame é maior ao Hospital do Barbanza que ao Complexo Hospitalario Universitario Clínico de Santiago de Compostela e cómpre que o Goberno galego aclare canto antes que razóns motivan os cambios realizados.

A través da presente, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

A que centro hospitalario terán que acudir os veciños e veciñas de Lousame (A Coruña) para ser atendidos na consulta especializada de traumatoloxía?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2010 18:24
Nº Rexistro: 54416
Data envio: 11/11/2010 18:24:10.281

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 11/11/2010 17:28:38

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 10:51
Nº Rexistro: 54428
Data envio: 12/11/2010 10:51:10.055

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Antonio Rodríguez Miranda, Pedro Puy Fraga, Alejandro Gómez Alonso, Rosa Oubiña Solla, Jesus Goldar Guimil e José López Campos, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia ven de aprobar o inicio dos trámites oportunos para a transferencia dunha serie de competencias administrativas do Estado, entre elas a referentes á xestión do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT). Esta é unha vella reivindicación de Galicia que mesmo no 2005 foi rexeitada por parte do Goberno Central. Feito que está a contrastar coa recente transferencia desta competencia a outras comunidades, como é o caso de Cataluña.

A xestión do DPMT é de grande importancia para Galicia, en base á especificidade do noso litoral, contando con máis de 1.300 km de costa, case un terzo do total de España. Materializándose na franxa litoral unha intensa presenza humana, cun importante e xa secular asentamento demográfico e de actividades económicas tradicionais como o marisqueo, a pesca, usos portuarios,...

Desde o PP de G estimamos que en aras dunha planificación e xestión integral e coordinada do territorio costeiro, que posibilite a aplicación de políticas propias, facilite a xestión, reduza conflitos institucionais e aporte máis axilidade á acción pública, faise inxustificable a pervivencia do ámbito de decisión estatal nesta materia.

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 10:51
Nº Rexistro: 54428
Data envio: 12/11/2010 10:51:10.055

Conscientes desta situación estanse impulsando instrumentos de ordenación do espazo litoral, dentro do ámbito competencial autonómico, e impulsando iniciativas lexislativas tendentes a adaptar á realidade galega a Lei de Costas. Pois como é sabido, a súa aplicación á Galicia ten xerado certas disfuncións e problemáticas; sendo a máis representativa o non recoñecemento á hora de efectuar os deslindes, de algúns núcleos tradicionais costeiros, cos conseguintes prexuízos que esta situación acarrea para a poboación dos mesmos.

Así mesmo a potestade estatal en material de xestión do DMPT leva a que as recentes intervencións e accións político-administrativas no ámbito do DMPT sexan planificadas e executadas desde o Goberno Central, incumpríndose o principio de subsiriadidade, sendo os resultados moi mellorables desde unha perspectiva ambiental, funcional i económica. E, tamén, a que toda actuación autonómica en materia de planificación portuaria, regulación de actividades económicas como o marisqueo, a rexeneración de espazos litorais ou entre outras, a autorización de servidumes e/ou concesións administrativas, estean sometidos a un constante dirixismo competencial estatal.

Por todo isto,

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que inicie de inmediato a transferencia das competencias administrativas en materia de regulación, planificación e xestión do DMPT á Xunta de Galicia, cos recursos necesarios para poder exercer dun xeito autónomo a lexítima política integral do territorio litoral galego."

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 10:51
Nº Rexistro: 54428
Data envio: 12/11/2010 10:51:10.055

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 12/11/2010 10:48:38

Román Rodríguez González na data 12/11/2010 10:48:44

Antonio Rodríguez Miranda na data 12/11/2010 10:48:49

Pedro Puy Fraga na data 12/11/2010 10:48:51

Alejandro Gómez Alonso na data 12/11/2010 10:48:55

Rosa Oubiña Solla na data 12/11/2010 10:48:59

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 12/11/2010 10:49:04

José Carlos López Campos na data 12/11/2010 10:49:09

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:19
Nº Rexistro: 54433
Data envio: 12/11/2010 13:19:07.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Ana Luisa Bouza Santiago**, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, relativa á reclamación por parte da Xunta de Galiza das cantidades abonadas en concepto do canon dixital.

A reforma do texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual (TRPLI), aprobada polo Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, levada a cabo pola Lei 23/2006, de 7 de xullo, supuxo, entre outras cousas, a reforma do réxime de compensación equitativa por copia privada, definindo un procedemento específico para a determinación da compensación equitativa aplicábel aos equipos, aparellos electrónicos.

Así mesmo, a Orde PRE/1743/2008, de 18 de xuño, estabeleceu a relación de equipos, aparellos electrónicos e outros soportes materiais suxeitos ao pagamento da compensación equitativa por copia privada, as cantidades aplicábeis a cada un deles e a distribución entre as diferentes modalidades de reprodución. Compensación que a cidadanía coñece como "canon dixital", de pagamento obrigado para todos os usuarios e usuarias dos devanditos equipos e soportes electrónicos.

Dende a entrada en vigor do "canon dixital", ademais de terse rexistrado unha importante mobilización social de rexeitamento desta medida, varios Xulgados e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:19
Nº Rexistro: 54433
Data envio: 12/11/2010 13:19:07.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Audiencias Provinciais pronunciáronse a prol de quen reclamaron contra o pagamento do canon e demostraron que a fin do soporte ou equipo non era a copia privada. O propio Consello de Estado, no seu ditame de 18 de marzo sobre a Lei de Economía Sostíbel, recomendou ao Goberno Central medidas dirixidas "á transparencia das entidades de xestión dos dereitos de autor" e un sistema de canon que non presupoña que cada soporte gravábel se vai usar para copiar material protexido.

No pasado mes de outubro a Sala Terceira do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditou sentencia firme a respecto do canon dixital, fallando que "a aplicación indiscriminada do canon por copia privada, en particular en relación cos equipos, aparatos e soportes de reprodución dixital que non se puxeran a disposición de usuarios privados e que estean manifestamente reservados a usos distintos á realización de copias privadas, non resulta conforme á Directiva 2001/29"; isto é, que o chamado canon dixital non pode cobrarse ás administracións públicas.

A Xunta de Galiza e entes dependentes utilizan un importante número de equipos e dispositivos afectados todos eles polo canon dixital e que se utilizan exclusivamente para as funcións relacionadas coas actividades que lle son propias e cos contidos xerados polo propia administración. Actividades que non teñen nada que ver cos contidos suxeitos a dereitos de propiedade intelectual.

O Parlamento de Galiza ven de instar á Xunta de Galiza a reclamar do Goberno Central a substitución do canon dixital por outro sistema que non grave indiscriminadamente aos usuarios que non realizan unha copia de obra suxeita á

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:19
Nº Rexistro: 54433
Data envio: 12/11/2010 13:19:07.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

propiedade intelectual. Solicitude que vai en liña co manifestado polo Tribunal da UE na súa sentenza. En agarda da transposición á lexislación do Estado desta sentenza, o Goberno galego debe activar os mecanismos necesarios para poder reclamar a devolución daquelas cantidades que pagara por unha taxa que a Unión Europea considera non conforme coa Directiva 2001/29.

Polo exposto, presentase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión.

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Proceder á cuantificación das cantidades abonadas en concepto de canon dixital correspondente aos soportes e equipos adquiridos polo Xunta de Galiza e entes dependentes dende a entrada en vigor da Orde PRE/1743/2008 até a transposición á lexislación estatal da sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo.

2. Reclamar, ás empresas provedores e ás entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, a devolución do canon dixital xa abonado resultante da citada cuantificación.

3. Remitir un informe ao Parlamento de Galiza, no prazo dun mes, detallando as xestións realizadas ante o Goberno do Estado para dar cumprimento ao acordo parlamentar no que se reclama a modificación do canon dixital.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:19
Nº Rexistro: 54433
Data envio: 12/11/2010 13:19:07.387

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 12/11/2010 13:15:55

Ana Luísa Bouza Santiago na data 12/11/2010 13:16:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 12:23
Nº Rexistro: 54462
Data envio: 15/11/2010 12:23:22.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por medio do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso** e, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión** dirixida ao Goberno Galego, relativa á implantación dunha grande superficie na comarca do Salnés.

Na comarca do Salnés estase proxectando a construción dun grande centro comercial cunha superficie edificábel de 23.387,06 m2 nunha superficie de 77.956,86 m2 que vai ter unha incidencia significativa no pequeno comercio. Este feito ten producido un malestar crecente, estendéndose a todo o sector comercial pois miran como outros centros comerciais xa implantados teñen repercutido na actividade comercial local e provocado o peche de establecementos comerciais na zona.

Efectivamente, a oferta comercial no Salnés ten sufrido un incremento substancial nos últimos anos coa instalación de superficies comerciais de tamaño medio, que teñen repercutido no comercio local e obrigaron a pechar establecementos comerciais de moito arraigo nos concellos afectados. Polo tanto, a instalación desta grande superficie nin é a formula máis acaída no entorno, nen demandada pola cidadanía e, moito menos, responde ás súas necesidades; responde a unha concepción desvinculada da realidade espacial e, a súa implantación no Salnés, vai representar un forte impacto, non so no tecido comercial, senón tamén no territorio e no medio ambiente, con consecuencias directas na estruturación da sociedade e fortes afeccións dun impacto sen precedentes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 12:23
Nº Rexistro: 54462
Data envio: 15/11/2010 12:23:22.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola contra, da análise de todos os vectores que interveñen no desenvolvemento actual do sector comercial en todo o Salnés, apreciase por unha banda que existe unha **mais que suficiente oferta comercial** con capacidade para atender toda a demanda existente ao longo de todo o ano e, inclusive, nas épocas estacionais, pero pola outra fai falla un impulso decidido por parte das administracións locais e autonómica, destacando como algunhas actuacións de ámbito local xa teñen suposto unha mellora na oferta comercial local e no propio sector. Ao mesmo tempo unha ordenación do sector, contemplando un plano de actuación conxunto entre a propia Xunta e os concellos afectados e consensuado co sector, non so daría resposta ás demandas do comercio xa existente, senón que multiplicaría as capacidades actuais e seria un forte revulsivo económico, social e xerador de emprego.

Por último, a implantación destes formatos comerciais sen ter en conta as características específicas do territorio onde se asenta, implicaría unha deixación de funcións por parte da Xunta da Galiza na medida que, noutras comunidades autónomas ou estados teñen posto en marcha leis e mecanismos que, recollendo as aspiracións do pequeno comercio permitiu a súa supervivencia que, sen chegar ao proteccionismo e recoñecendo o principio de libre empresa e libre competencia, ten ordenado os distintos tipos de comercio e dignificado a actividade comercial promovendo o seu desenvolvemento en igualdade de condicións para todos os axentes empresariais.

Ao noso entender o Goberno galego non pode quedar impasíbel e debe tomar accións e actuacións decididas por entender que a implantación deste formato comercial na comarca do Salnés ten uns efectos tremendamente negativos para o tecido económico e social deste espacio xeográfico o que nos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 12:23
Nº Rexistro: 54462
Data envio: 15/11/2010 12:23:22.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

leva ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1º) Utilizar os mecanismos legais oportunos para evitar a instalación deste grande centro comercial no Salnés.

2º) Poñer en marcha as medidas oportunas para a recuperación, posta en valor e potenciamento do sector comercial no Salnés.

Santiago de Compostela, 15 de Novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Deputado do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 15/11/2010 12:21:34

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/11/2010 12:21:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 18:26
Nº Rexistro: 54490
Data envio: 15/11/2010 18:26:48.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa as medidas de apoio ao sector comercial na Coruña.

O pequeno comercio na cidade da Coruña ven demandando unha serie de medidas coas que poder enfrontar as dificultades pola que esta atravesando o sector e que ten chegado a provocar o peche de establecementos e a diminución das vendas, coa conseguinte baixada da actividade económica e a perda de emprego.

Sumido nunha crise estendida á práctica totalidade dos sectores que ten retraído o consumo, o pequeno comercio sufre un impacto mais acusado debido á conxunción dunha serie de factores e, na medida en que este sector dispón de menos recursos que outros formatos comerciais para poder superala, convérteno nun dos mais vulnerábeis. Os cambios nos hábitos de consumo, as distintas ofertas comerciais e, nalgúns casos, excesivas, debuxan unhas circunstancias onde as actuacións das administracións non é indiferente ao desenvolvemento desta actividade.

Esta situación é a que ten levado a unha boa parte dos concellos galegos a tomar iniciativas propias para paliar esta situación e que por medio de actuacións de apoio directas como as de tipo económico, mellora das infraestruturas e contornas dos espazos urbanos, revitalizacións dos mercados municipais, fomento dos centros comerciais abertos ou campañas de dinamización comercial

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 18:26
Nº Rexistro: 54490
Data envio: 15/11/2010 18:26:48.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou as indirectas como as relacionadas co fomento do consumo, dinamización cultural, etc. teñen dado unha resposta destacada mais insuficiente.

É a inexistencia dunha lexislación mais acaída á propia realidade do sector, que dea resposta aos novos formatos comerciais e a osta en marcha dunha serie de medidas permitan dun xeito constante analizar a actividade comercial e xerar propostas de actuación para responder en tempo e forma o que ten impedido dar a resposta adecuada e de caracter global a unha situación estendida por todo Pais. Esta é a grande demanda do sector que permita competir en igualdade de condicións coas grandes superficies, demostrando que o comercio de proximidade, o comercio tradicional e o que ten xerado movemento económico, que inviste na cidade e o que mantén o emprego.

Coa crecente preocupación do sector que non albisca medidas orientadas a inverter esta tendencia é polo que formulamos a seguinte proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a tomar as seguintes medidas:

1º) Abrir unha canle de comunicación directa co concello da Coruña para determinar as medidas concretas necesarias para xerar unha situación de confianza no sector comercial de proximidade, inverter a tendencia e axudar a revitalizalo na cidade da Coruña.

2º) Implementar, por parte do Goberno Galego os recursos económicos que vai destinar para poñer en marcha estas medidas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 18:26
Nº Rexistro: 54490
Data envio: 15/11/2010 18:26:48.182

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3º) Desenvolver unha campaña de promoción activa para todo o comercio de proximidade ao obxecto de poñer en valor este sector e destacar o seu papel económico e social.

Santiago de Compostela, 15 de novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Deputado do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 15/11/2010 18:18:18

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/11/2010 18:18:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:17
Nº Rexistro: 54504
Data envio: 16/11/2010 10:17:25.752

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa das deputadas e deputados, **Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Rosa Oubiña Solla, Agustín Baamonde Díaz, Yolanda Díaz Lugilde, Enrique Novoa López** e **José Antonio García López,** ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Exposición de Motivos

A superficie do monte en Galicia ocupa da orde de dous millóns de hectáreas. A man do home cada verán atenta contra o patrimonio forestal da nosa Comunidade Autónoma en maior ou menor medida posto que a maior parte dos lumes rexistrados son intencionados.

Os despiadados, que con premeditación ou planificación, prenden lume provocando incendios como o acontecido este verán en Laza en Rede Natura, ou como o de Fornelos que se salda coa vida de dúas persoas mentres cumprían coas súas obrigas laborais, son verdadeiros terroristas que atentan contra o patrimonio natural dos Galegos, e en definitiva de toda a sociedade. Estes delitos, enmárcanse no Código Penal dentro dos denominados "Delitos contra a Seguridade Colectiva".

En relación a este asunto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

"O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno do Estado para solicitar a:

1.- Reforma do Código Penal a fin de revisar e agrava-las penas aos autores directos ou indirectos dos incendios forestais esixindo que sexan establecidas có máximo rigor.

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:17
Nº Rexistro: 54504
Data envio: 16/11/2010 10:17:25.752

2.- Incrementar os recursos para a prevención, loita e persecución dos delitos forestais".

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 16/11/2010 10:14:37

María Emma Álvarez Chao na data 16/11/2010 10:14:43

María Isabel García Pacín na data 16/11/2010 10:14:51

Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2010 10:14:55

Agustín Baamonde Díaz na data 16/11/2010 10:15:03

Yolanda Díaz Lugilde na data 16/11/2010 10:15:08

Enrique Novoa López na data 16/11/2010 10:15:16

José Antonio García López na data 16/11/2010 10:15:25

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:46
Nº Rexistro: 54509
Data envio: 16/11/2010 10:46:09.985

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa dos deputados **Henrique Viéitez Alonso e Carlos Aymerich Cano** e da deputada **Ana Luísa Bouza Santiago** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa as medidas de apoio ao sector comercial na Coruña.

O pequeno comercio na cidade da Coruña ven demandando unha serie de medidas coas que poder enfrontar as dificultades pola que esta atravesando o sector e que ten chegado a provocar o peche de establecementos e a diminución das vendas, coa conseguinte baixada da actividade económica e a perda de emprego.

Sumido nunha crise estendida á práctica totalidade dos sectores que ten retraído o consumo, o pequeno comercio sufre un impacto mais acusado debido á conxunción dunha serie de factores e, na medida en que este sector dispón de menos recursos que outros formatos comerciais para poder superala, convérteno nun dos mais vulnerábeis. Os cambios nos hábitos de consumo, as distintas ofertas comerciais e, nalgúns casos, excesivas, debuxan unhas circunstancias onde as actuacións das administracións non é indiferente ao desenvolvemento desta actividade.

Esta situación é a que ten levado a unha boa parte dos concellos galegos a tomar iniciativas propias para paliar esta situación e que por medio de actuacións de apoio directas como as de tipo económico, mellora das infraestruturas e contornas dos espazos urbanos, revitalizacións dos mercados municipais, fomento dos centros comerciais abertos ou campañas de dinamización comercial

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:46
Nº Rexistro: 54509
Data envio: 16/11/2010 10:46:09.985

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou as indirectas como as relacionadas co fomento do consumo, dinamización cultural, etc. teñen dado unha resposta destacada mais insuficiente.

É a inexistencia dunha lexislación mais acaída á propia realidade do sector, que dea resposta aos novos formatos comerciais e a posta en marcha dunha serie de medidas permitan dun xeito constante analizar a actividade comercial e xerar propostas de actuación para responder en tempo e forma o que ten impedido dar a resposta adecuada e de caracter global a unha situación estendida por todo Pais. Esta é a grande demanda do sector que permita competir en igualdade de condicións coas grandes superficies, demostrando que o comercio de proximidade, o comercio tradicional e o que ten xerado movemento económico, que inviste na cidade e o que mantén o emprego.

Coa crecente preocupación do sector que non albisca medidas orientadas a inverter esta tendencia é polo que formulamos a seguinte proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a tomar as seguintes medidas:

1º) Abrir unha canle de comunicación directa co concello da Coruña ao obxecto de determinar as medidas concretas necesarias para xerar unha situación de confianza no sector comercial de proximidade, inverter a tendencia e axudar a revitalizalo na cidade da Coruña.

2º) Implementar, por parte do Goberno Galego, os recursos económicos que vai destinar para poñer en marcha estas medidas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:46
Nº Rexistro: 54509
Data envio: 16/11/2010 10:46:09.985

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3º) Desenvolver unha campaña de promoción activa para todo o comercio de proximidade ao obxecto de poñer en valor este sector e destacar o seu papel económico e social.

Santiago de Compostela, 15 de novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 16/11/2010 10:27:52

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 10:28:07

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2010 10:28:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:37
Nº Rexistro: 54551
Data envio: 16/11/2010 16:37:20.366

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago** e ou abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

No verán de 2009, o Goberno galego decretou o fin da autoconcertación para a actividade cirúrxica co argumento de que se podía realizar en xornada ordinaria o que se estaba a facer en xornada extraordinaria, poñendo en cuestión a profesionalidade de traballadoras e traballadores do SERGAS.

Isto supuxo un deterioro na atención sanitaria e un empeoramento do tempo de espera e do número de persoas en espera para unha intervención cirúrxica que o Goberno galego tentou maquillar con varias estratexias: eliminaron a información sobre a actividade cirúrxica total limitándose a dar datos de actividade en xornada ordinaria e presionaron sobre as listas estruturais derivando á privada ou pechando axendas ao tempo que comunicaban datos non homologábeis sobre espera por prioridades.

Non se atendeu ás numerosas demandas de información sobre espera non estrutural e actividade total feitas dende o BNG en sesións de Comisión e Pleno no Parlamento Galego.

Pero a realidade do empeoramento da atención mentres se mantiñan quirófanos pechados é unha evidencia para profesionais e doentes.

Unha realidade que ven de ser confirmada na Memoria 2009 do Consello Económico

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:37
Nº Rexistro: 54551
Data envio: 16/11/2010 16:37:20.366

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e Social (CES) presentada nos últimos días, que cifra en 6844 cirurxías menos as realizadas en 2009 respecto do ano anterior.

Desminte este informe as continuas referencias de portavoces do Partido Popular de mellora da actividade cirúrxica e, o que é escandaloso, da Conselleira de Sanidade e do propio Presidente Galego no Parlamento.

Por este motivo o BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

"O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a:

1) Informar mensualmente da evolución da actividade cirúrxica completa que se realiza nos Hospitais do SERGAS, sexa esta en xornada ordinaria ou non.
2) Tomar as medidas precisas de persoal e utilización de quirófanos que permitan aumentar a actividade cirúrxica do SERGAS e atender adecuadamente a espera cirúrxica actual (publicada ou non)."

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:37
Nº Rexistro: 54551
Data envio: 16/11/2010 16:37:20.366

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 16:35:34

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2010 16:35:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 17:23
Nº Rexistro: 54556
Data envio: 16/11/2010 17:23:00.407

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas, Modesto Pose Mesura** e **Xoaquín Mª Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión, co obxecto de que o Goberno galego amplíe ao conxunto das categorías da Oferta Pública de Emprego do ano 2008/2009 SERGAS a investigación aberta a instancias do Valedor do Pobo, debido a posible existencia de máis irregularidades en diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (SERGAS).**

Exposición de Motivos

Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos denunciando a existencia de graves irregularidades nos procesos selectivos da Xunta de Galicia mentres o Goberno presidido polo Sr. Feijóo intenta evitar a asunción de responsabilidades políticas.

Uns feitos de enorme gravidade ao redor das oposicións paara o emprego público no Servizo Galego de Saúde acaban de ser corroborados a través do informe emitido polo Valedor do Pobo de data 13 de outubro en resposta á queixa formulada polos deputados socialistas abaixo asinantes.

Agora chegan ao Grupo Socialista novas queixas de opositores que denuncian a existencia de posibles irregularidades en outras categorías como é o caso do grupo de técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía.

Non só é o Valedor do Pobo o que corrobora a existencia de "incumprimentos e irregularidades" senón que indica que foron "constatados a través da inspección realizada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e dos que se da detallada conta no informe correspondente elaborado por este órgano".

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 17:23
Nº Rexistro: 54556
Data envio: 16/11/2010 17:23:00.407

É o Valedor do Pobo o que pide que "con urxencia se proceda a dar efectividade a todas as indicacións do referido informe" mentres o Goberno galego a través do seu presidente nega a existencia de irregularidades e apunta que "só hai indicios".

O Sr. Presidente da Xunta falta á verdade e nega o informe do Valedor na súa parte de conclusións onde con toda claridade expón que "... si que se deron considerables irregularidades que reforzan a sospeita fundada de que puido darse unha situación vantaxosa de determinados concorrentes".

Non só é o Alto Comisionado o que chega ás conclusións xa coñecidas senón que é a propia consellería da Presidencia a que confirma a través do seu informe a existencia de feitos gravísimos que non tiveron ningunha consecuencia de asunción de responsabilidades políticas no ámbito do Sergas nin da Función Pública da Xunta de Galicia.

Un dos feitos máis graves é o que constata a existencia dun opositor que á súa vez formando parte da plantilla da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas acabou traballando na corrección dos exames das oposicións nas que el mesmo participa.

De feito o mesmo opositor recoñece que corrixiu o seu propio exame (Informe da DXARA ".. e incluso participa no proceso de corrección de exames da categoría de administrativo ó que el se presenta como opositor, manifestando incluso que fixo a corrección mecánica do seu propio exame.(...)"

Neste contexto acrecéntanse as dúbidas sobre a existencia de máis beneficiarios das irregularidades e ausencias de controis nos procesos previos á realización dos exames en diferentes categorías.

Isto prodúcese despois de que a directora xeral de Recursos Humanos negara, na súa comparecencia do 15 de abril no Parlamento de Galicia, a presenza de opositores na corrección de exames. A directora xeral manifestaba daquela que "non existiu traballos de colaboración na corrección dos exames por parte de persoal que opositara", o que demostra que mentiu en sede parlamentaria.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 17:23
Nº Rexistro: 54556
Data envio: 16/11/2010 17:23:00.407

Outro dos feitos graves que están constatados é o referido á custodia da plantilla do exame a través do correspondente pen-drive, xa que o propio informe da consellería de Presidencia corrobora que "no proceso de persoal administrativo antes de que o lapis de memoria que contén o informe final chegue a FPP, que é a persoa encargada da custodia dos exames ata o momento da impresión, este xa estivo en poder de varias persoas da división".

A directora afirmara o pasado 15 de abril en sede parlamentaria que "desde que o tribunal entrega o exame ao xefe de servizo só interviñeron as dúas persoas autorizadas, é dicir o xefe de servizo e un auxiliar de apoio".

As probas conclúen que era falso o que afirmou en sede parlamentaria a Sra. directora xeral xa que o pen-drive "estivo en posesión de varias persoas da división" antes de que chegara a quen tiña que custodialo.

Hai un terceiro feito tan grave ou máis que os anteriores i é o referido á sala de impresión dos exames das oposicións onde a directora xeral de Recursos Humanos afirmara que "estas (en referencia ao xefe de servizo e ao auxiliar) son as únicas persoas con acceso permitido para impresión dos cadernos de preguntas" e onde o informe do Valedor do Pobo e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza demostra que non existe seguridade da cadea de custodia, expoñendo que "non hai un sistema de rexistro de entrada e saída de persoas na sala de impresión. Polo tanto tal e como manifesta nas súas declaracións a colaboradora ITN, a confidencialidade e o sixilo (sic) na realización das tarefas do persoal colaborador depende unicamente da ética de cada un".

Estamos diante dun escándalo maiúsculo que se ve agrado pola ocultación, a negación e a mentira reiterada da directora xeral de Recursos Humanos en sede parlamentaria como se pode constatar ao cotexar o arquivo da sesión do día 15 de abril de 2010.

O Valedor do Pobo en outubro fixo pública a constatación da existencia de irregularidades nas probas do SERGAS denunciadas por este grupo parlamentario.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 17:23
Nº Rexistro: 54556
Data envio: 16/11/2010 17:23:00.407

O feito de que se inste a separar dos procesos selectivos a determinadas persoas que conforman os tribunais de selección das probas denunciadas incide nas denuncias que levamos facendo ao longo dos últimos meses.

No mes de marzo deste ano 2010, os deputados que asinan esta iniciativa e o conxunto do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, denunciábamos a existencia de graves sospeitas de irregularidades nos diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Esta situación causou unha importante alarma social polo desamparo ao que se viron sometidos milleiros de opositores.

O Goberno galego negou durante meses a existencia de irregularidades mentres o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia denunciaba a indefensión dos opositores que participaban nas probas do SERGAS.

Tivemos que dirixirnos á institución do Valedor do Pobo para poder defender os intereses xerais dos cidadáns e poñer no seu coñecemento a existencia de denuncias de graves irregularidades, onde se poñía de manifesto a existencia de inmensas casualidades ou coincidencias onde familiares directos de quen xestionou os procesos selectivos obtiñan as mellores puntuacións, así como persoal que tamén traballaba no mesmo departamento onde se xestionan as citadas oposicións.

Os socialistas galegos consideramos fundamental garantir a limpeza dos procesos selectivos e a imparcialidade dos mesmos, e por iso denunciamos a insostible situación dos procesos selectivos no Servizo Galego de Saúde.

Chove sobre mollado, xa que en Galicia hai milleiros de opositores que están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir de forma continuada nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia, unha constante dende a chegada do Partido Popular ao Goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

Despois do cese de dúas subdirectoras xerais nas Consellerías de Facenda e na de Sanidade a raíz das denuncias que fomos formulando ao longo dos últimos meses, é hora de que o Goberno galego asuma responsabilidades

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 17:23
Nº Rexistro: 54556
Data envio: 16/11/2010 17:23:00.407

políticas despois de que o Valedor do Pobo veña de facer pública a constatación da existencia de irregularidades nas probas do SERGAS denunciadas por este Grupo Parlamentario e que teñamos coñecemento detallado de graves feitos que dan crédito ás denuncias efectuadas no seu día.

No caso das oposicións do SERGAS démoslle voz ás denuncias que alertaban de serias sospeitas de irregularidades nos procesos selectivos, tendo o seu epicentro as mesmas na Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS e sendo coñecedor das mesmas o director xeral da Función Pública da Xunta de Galicia e propia directora xeral de Recursos Humanos do SERGAS, que recoñeceu o pasado 15 de abril que tivera coñecemento do asunto o día 3 de febreiro do presente ano 2010.

O feito de que persoas que traballan no mesmo departamento onde se elaboran e preparan os procesos selectivos acabaran obtendo as puntuacións máis altas nas probas convocadas entre máis de 7.500 persoas, ou ben se pensaba que era un milagre ou ben unha inmensa casualidade, e o propio Valedor do Pobo no seu informe constata que "é improbable que sexa unha casualidade".

Por este motivo o propio Valedor do Pobo pediu que se fixera "unha comprobación estatística para avaliar ata que punto atopámonos ante unha casualidade estatisticamente moi improbable, de acordo co comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías".

Neste sentido consideramos fundamental estender a investigación ao conxunto das categorías incluídas nas probas selectivas da OPE do ano 2008/09, xa que estamos recibindo denuncias da existencia de serias sospeitas sobre posibles novos beneficiarios das irregularidades xa denunciadas.

A existencia de graves sospeitas de irregularidades en diversos procesos selectivos no Servizo Galego de Saúde (SERGAS) crea unha importante alarma social que debería ter sido combatida con decisións contundentes pero ata a data os cargos públicos do Goberno galego non asumiron responsabilidades políticas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 17:23
Nº Rexistro: 54556
Data envio: 16/11/2010 17:23:00.407

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A suma de escándalos que vén de coñecer a opinión pública deixa en moi mal lugar ao goberno galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, si cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia.

Co ánimo de que o Goberno galego faga unha investigación completa da totalidade dos procesos selectivos do SERGAS dados os gravísimos feitos que se teñen producido nas probas de acceso ao emprego público na Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estender a investigación aberta a instancias do Grupo Parlamentario Socialista e do Valedor do Pobo ao conxunto das categorías incluídas na Oferta Pública de Emprego do ano 2008/09 debida a existencia de numerosas denuncias onde se poñen de manifesto serias sospeitas sobre posibles novos beneficiarios das irregularidades xa denunciadas.

2. Proceder á comprobación estatística solicitada polo Valedor do Pobo para avaliar ata que punto a existencia dunha casualidade estatisticamente moi improbable, de acordo co comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías.

3. Asumir as responsabilidades políticas derivadas da situación producida nestes procesos selectivos de acceso ao emprego público no SERGAS.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Modesto Pose Mesura
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Mª Fernández Leiceaga

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 17:23
Nº Rexistro: 54556
Data envio: 16/11/2010 17:23:00.407

Grupo Parlamentario

Deputado - Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 16/11/2010 17:21:33

Modesto Pose Mesura na data 16/11/2010 17:21:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/11/2010 17:21:45

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54558
Data envio: 16/11/2010 19:34:08.506

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á rectificación da intención da Xunta de Galiza de privatizar as actividades das casas da Xuventude.

A Xunta de Galiza ven de publicar no DOG a contratación, polo trámite de urxencia, do servizo de programación e xestión do Proxecto Rede de Espazos Xove de Dinamización xuvenil e emancipación. Segundo a documentación que rexe este contrato o valor de licitación é de case 400.000 euros, a repartir entre os anos 2010 e 2011 e trátase de levar adiante a xestión das actividades das Casas situadas en Lalín, Tui, Vilagarcía, Noia, Carballo, Curtis, Betanzos, Pontedeume, Vilalba e Ourense.

Desde o BNG vemos innecesario este programa, máxime cando as funcións ás que se fai referencia son redundantes cos obxectivos e funcións que xa teñen esas Casas da Xuventude e a Rede de oficinas de Información xuvenil. Estaríanse duplicando servizos que xa existen, para facelos a través da contratación dunha empresa privada.

Polo exposto, presentase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a anular o licitación da contratación administrativa do servizo de programación e xestión do proxecto Rede de Espazos Xove de Dinamización Xuvenil e Emancipación, destinando estes recursos a medidas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54558
Data envio: 16/11/2010 19:34:08.506

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que teñan como finalidade o acceso da mocidade ao emprego e a loita contra a precariedade laboral entre os mozos e mozas.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/11/2010 19:28:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:53
Nº Rexistro: 54571
Data envio: 17/11/2010 10:53:35.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión, relativa á eliminación de publicidade sexista no ámbito da Xunta de Galiza.

A Dirección Xeral de Comercio fixo pública hai unha semana unha campaña de impulso ás prazas de abastos. Tan nobre fin vese deturpado polo claro contido sexista da mesma. Sexismo nun duplo sentido: ofrécese un estereotipo dos compradores e compradoras das prazas de abastos e ocúltase ás mulleres que traballan nas mesmas. Un compendio de sexismo que non debería producirse a estas alturas e moito menos por unha administración pública.

O sexismo na publicidade está prohibido por lei. Hai lexislación galega que recolle o compromiso da administración de erradicación do mesmo. Para máis incoherencia a Xunta de Galiza ten unha **Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista,** que á vista dos feitos non cumpre ningún papel máis alá do decorativo.

Desde o BNG consideramos que o mínimo que debería facer a Xunta de Galiza é retirar esta publicidade, promovendo campañas que fuxan de reproducir os máis rancios estereotipos que para nada teñen que ver coa realidade das mulleres.

Existe unha clara vulneración da legalidade vixente. Estase incumprindo a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (artigos 1, 5, 13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:53
Nº Rexistro: 54571
Data envio: 17/11/2010 10:53:35.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

17 e 18) e a Lei 11/2007, d0 27 de xullo, galega para o tratamento integral da violencia de xénero (artigos 6, 9 e 11). Co agravante de quen ten que velar polo cumprimento e efectividade destas leis, é quen as infrinxe. A Xunta debe adoptar medidas que evitan que este tipo de situacións podan darse no futuro. Con esta finalidade formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Retirar a campaña da Dirección Xeral de Comercio "Este inverno presume de praceiro", substituíndoa por unha imaxe que non reproduza estereotipos sexistas de homes e mulleres.
2. Poñer en marcha unha Comisión de persoas expertas en publicidade non sexista que avalíe as campañas da Xunta de Galiza con anterioridade á súa edición e publicitación.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz s. do G.P. do BNG.
Henrique Viéitez Alonso
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/11/2010 10:50:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:53
Nº Rexistro: 54571
Data envio: 17/11/2010 10:53:35.923

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Henrique Viéitez Alonso na data 17/11/2010 10:50:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:56
Nº Rexistro: 54576
Data envio: 17/11/2010 11:56:17.351

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas, Modesto Pose Mesura** e **Xoaquín Mª Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión, co obxecto de que o goberno galego amplíe ao conxunto das categorías da Oferta Pública de Emprego do ano 2008/2009 SERGAS a investigación aberta a instancias do Valedor do Pobo, debido a posible existencia de máis irregularidades en diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no SERVICIO GALEGO DE SAUDE (SERGAS) e proceda a asumir responsabilidades políticas polos graves feitos descubertos na investigación aberta polo Valedor do Pobo.**

Exposición de Motivos

Vimos de coñecer a través de varios medios de comunicación da existencia de novas "casualidades" ou "milagres" nos procesos selectivos de acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos meses denunciando a existencia de graves irregularidades nos procesos selectivos da Xunta de Galicia mentres o Goberno presidido polo Sr. Feijóo intenta evitar a asunción de responsabilidades políticas.

Uns feitos de enorme gravidade ao redor das oposicións para o emprego público no Servizo Galego de Saúde acaban de ser corroborados a través do informe emitido polo Valedor do Pobo de data 13 de outubro en resposta á queixa formulada polos deputados socialistas abaixo asinantes.

Agora chegan ao Grupo Socialista novas queixas de opositores que denuncian a existencia de posibles irregularidades en outras categorías como é o caso do grupo de técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:56
Nº Rexistro: 54576
Data envio: 17/11/2010 11:56:17.351

Non só é o Valedor do Pobo o que corrobora a existencia de "incumprimentos e irregularidades" senón que indica que foron "constatados a través da inspección realizada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e dos que se da detallada conta no informe correspondente elaborado por este órgano".

É o Valedor do Pobo o que pide que "con urxencia se proceda a dar efectividade a todas as indicacións do referido informe" mentres o Goberno galego a través do seu presidente nega a existencia de irregularidades e apunta que "só hai indicios".

O Sr. Presidente da Xunta falta á verdade e nega o informe do Valedor na súa parte de conclusións onde con toda claridade expón que "... si que se deron considerables irregularidades que reforzan a sospeita fundada de que puido darse unha situación vantaxosa de determinados concorrentes".

Neste contexto acrecéntanse as dúbidas sobre a existencia de máis beneficiarios das irregularidades e ausencias de controis nos procesos previos á realización dos exames en diferentes categorías.

Isto prodúcese despois de que a directora xeral de Recursos Humanos negara, na súa comparecencia do 15 de abril no parlamento, a presenza de opositores na corrección de exames. A directora xeral manifestaba daquela que "non existiu traballos de colaboración na corrección dos exames por parte de persoal que opositara", o que demostra que mentiu en sede parlamentaria.

Outro dos feitos graves que están constatados é o referido á custodia da plantilla do exame a través do correspondente pen-drive, xa que o propio informe da consellería de Presidencia corrobora que "no proceso de persoal administrativo antes de que o lapis de memoria que contén o informe final chegue a FPP, que é a persoa encargada da custodia dos exames ata o momento da impresión, este xa estivo en poder de varias persoas da división".

A directora afirmara o pasado 15 de abril en sede parlamentaria que "desde que o tribunal entrega o exame ao xefe de servizo só interviñeron as dúas persoas autorizadas, é dicir o xefe de servizo e un auxiliar de apoio".

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:56
Nº Rexistro: 54576
Data envio: 17/11/2010 11:56:17.351

As probas conclúen que era falso o que afirmou en sede parlamentaria a Sra. Directora Xeral xa que o pen-drive "estivo en posesión de varias persoas da división" antes de que chegara a quen tiña que custodialo.

Hai un terceiro feito tan grave ou máis que os anteriores i é o referido á sala de impresión dos exames das oposicións onde a directora xeral de recursos humanos afirmara que "estas (en referencia ao xefe de servizo e ao auxiliar) son as únicas persoas con acceso permitido para impresión dos cadernos de preguntas" e onde o informe do Valedor do Pobo e da Consellería de Presidencia demostra que non existe seguridade da cadea de custodia, expoñendo que "non hai un sistema de rexistro de entrada e saída de persoas na sala de impresión. Polo tanto tal e como manifesta nas súas declaracións a colaboradora ITN, a confidencialidade e o sixilo (sic) na realización das tarefas do persoal colaborador depende unicamente da ética de cada un".

Estamos diante dun escándalo maiúsculo que se ve agrado pola ocultación, a negación e a mentira reiterada da directora xeral de Recursos Humanos en sede parlamentaria como se pode constatar ao cotexar o arquivo da sesión do día 15 de abril de 2010.

No mes de marzo deste ano 2010, os deputados que asinan esta iniciativa e o conxunto do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, denunciábamos a existencia de graves sospeitas de irregularidades nos diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

O Goberno galego negou durante meses a existencia de irregularidades mentres o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia denunciaba a indefensión dos opositores que participaban nas probas do SERGAS.

Tivemos que dirixirnos á institución do Valedor do Pobo para poder defender os intereses xerais dos cidadáns e poñer no seu coñecemento a existencia de denuncias de graves irregularidades, onde se poñía de manifesto a existencia de inmensas casualidades ou coincidencias onde familiares directos de quen xestionou os procesos selectivos obtiñan as

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:56
Nº Rexistro: 54576
Data envio: 17/11/2010 11:56:17.351

mellores puntuacións, así como persoal que tamén traballaba no mesmo departamento onde se xestionan as citadas oposicións.

Os socialistas galegos consideramos fundamental garantir a limpeza dos procesos selectivos e a imparcialidade dos mesmos, e por iso denunciamos a insostible situación dos procesos selectivos no Servizo Galego de Saúde.

Chove sobre mollado en Galicia, onde milleiros de opositores están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir de forma continuada nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia, unha constante dende a chegada do Partido Popular ao goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

No caso das oposicións do SERGAS démoslle voz ás denuncias que alertaban de serias sospeitas de irregularidades nos procesos selectivos, tendo o seu epicentro as mesmas na Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS e sendo coñecedor das mesmas o director xeral da Función Pública da Xunta de Galicia e propia directora xeral de Recursos Humanos do SERGAS, que recoñeceu o pasado 15 de abril que tivera coñecemento do asunto o día 3 de febreiro do presente ano 2010.

O feito de que persoas que traballan no mesmo departamento onde se elaboran e preparan os procesos selectivos acabaran obtendo as puntuacións máis altas nas probas convocadas entre máis de 7.500 persoas, ou ben se pensaba que era un milagre ou ben unha inmensa casualidade, e o propio Valedor do Pobo no seu informe constata que "é improbable que sexa unha casualidade".

Por este motivo o propio Valedor do Pobo pediu que se fixera "unha comprobación estatística para avaliar ata que punto atopámonos ante unha casualidade estatisticamente moi improbable, de acordo co comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías".

Neste sentido consideramos fundamental estender a investigación ao conxunto das categorías incluídas nas probas selectivas da OPE do ano 2008/09, xa que estamos recibindo denuncias da existencia de serias sospeitas sobre posibles novos beneficiarios das irregularidades xa denunciadas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:56
Nº Rexistro: 54576
Data envio: 17/11/2010 11:56:17.351

A existencia de graves sospeitas de irregularidades en diversos procesos selectivos no Servizo Galego de Saúde (SERGAS) crea unha importante alarma social que debería ter sido combatida con decisións contundentes pero ata a data os cargos públicos do goberno galego non asumiron responsabilidades políticas.

A suma de escándalos que vén de coñecer a opinión pública deixa en moi mal lugar ao goberno galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, si cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia.

Co ánimo de que o Goberno galego faga unha investigación completa da totalidade dos procesos selectivos do SERGAS dados os gravísimos feitos que se teñen producido nas probas de acceso ao emprego público na Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha investigación oficial sobre os procesos selectivos no conxunto das categorías incluídas na Oferta Pública de Emprego do ano 2008/09 do Servizo Galego de Saúde, continuando co traballo xa feito polo Valedor do Pobo a instancias do Grupo Parlamentario Socialista.

2. Revisar o conxunto das probas realizadas nas diferentes categorías incluídas na Oferta Pública de Emprego do ano 2008/09 do Servizo Galego de Saúde, debido á aparición de novas denuncias de opositores sobre posible beneficiarios derivados da posición de vantaxe de determinadas persoas que ao mesmo tempo traballaban na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas.

3. Determinar o número de persoas que dispuxeron, nos momentos previos á realización dos exames por parte dos opositores, dos pen-drive onde se gardaban as probas elaboradas polos diferentes

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:56
Nº Rexistro: 54576
Data envio: 17/11/2010 11:56:17.351

Tribunais, tendo en conta que o informe do Valedor do Pobo constata que pasaron por varias mans antes de chegar á persoa encargada da súa custodia.

4. Elaborar un informe que determine as persoas que traballando na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas tiveron participación directa ou indirecta nas diferentes fases dos procesos selectivos da OPE do ano 2008/09, máis tendo en conta que un dos traballadores recoñeceu que él mesmo se corrixiu o seu propio exame, na dobre condición de opositor e corrector.

5. Proceder á comprobación estatística solicitada polo Valedor do Pobo para avaliar ata que punto a existencia dunha casualidade estatisticamente moi improbable, de acordo co comportamento do común dos concorrentes nas diferentes categorías.

6. Asumir as responsabilidades políticas derivadas da situación producida nestes procesos selectivos de acceso ao emprego público no SERGAS, determinando a persoa ou persoas responsables da existencia de numerosas irregularidades, xa constatadas polo Valedor do Pobo.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Modesto Pose Mesura
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Deputado - Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 17/11/2010 11:54:39

Modesto Pose Mesura na data 17/11/2010 11:54:45

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:56
Nº Rexistro: 54576
Data envio: 17/11/2010 11:56:17.351

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/11/2010 11:54:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:54
Nº Rexistro: 54581
Data envio: 17/11/2010 12:54:49.174

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e da súa deputada **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Comisión**, relativa á adopción de medidas para a elaboración e desenvolvemento dun Estatuto de Normas de Pesca no río Miño.

No tramo internacional do río Miño desenvolven o seu labor extractivo centos de pescadores en ambas as dúas marxes, galega e portuguesa, representando esta actividade unha importante fonte de ingresos para este colectivo.

Acontece, porén, que esta actividade produtiva non se encontra apenas ordenada nin regulada. Cumpre avanzar moito na normalización da primeira venda (subhasta en lonxa) e comercialización, mais tamén na simplificación e adaptación da normativa vixente en materia de pesca ás condicións específicas nas que esta se desenvolve no río Miño.

Resulta inconcibíbel o caos administrativo e o divorcio existente neste ámbito entre a realidade e a legalidade. O dominio público portuario de Goián está adscrito ao Ente Público Portos de Galiza, Consellaría do Mar (Xunta de Galiza). As funcións de inspección e vixilancia pesqueira correspóndenlle á Armada española (Destacamento Naval de Tui), que as exerce a través do patrulleiro P-201 "Cabo Fradera". É a Dirección Xeral da Mariña Mercante (Ministerio de Fomento) a encargada de resolver o relativo ás embarcacións utilizadas, que son da 3ª lista (pesca

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:54
Nº Rexistro: 54581
Data envio: 17/11/2010 12:54:49.174

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesional), mais dadas de baixa de xeito colectivo e automático (e sen aviso previo) do Censo Operativo da Frota Pesqueira (Secretaría do Mar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño), e dificultando así a renovación da tarxeta de identidade náutico-pesqueira ao non estaren estes mariñeiros incluídos no Instituto Social da Mariña (ISM).

É unha situación surrealista. Contra todo criterio de sensatez, mesmo de seguranza, impónselle a estas embarcacións unha limitación na súa potencia propulsora de 25 CV, incrementando de xeito irresponsábel a perigosidade nesta actividade pesqueira.

A pesca no río Miño ten futuro. Pódese xerar máis riqueza (directa e inducida), e estabilizar e incrementar os postos de traballo. Mais cumpre para iso dignificar e regular a actividade. Profesionalizar o seu exercicio, sempre en función da realidade específica dun oficio tradicional como o descrito, e nunca a través de métodos que impliquen a expulsión de pescadores desta actividade histórica.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión de Pesca e Marisqueo:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a adoptar as medidas precisas, tamén en colaboración cos gobernos de España e Portugal, e consultando coas asociacións de pescadores constituídas, para a elaboración dun Estatuto de Normas de Pesca no tramo internacional do río Miño que contemple, como mínimo, os seguintes obxectivos:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:54
Nº Rexistro: 54581
Data envio: 17/11/2010 12:54:49.174

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Regulación profesional, adaptada á realidade específica de cada zona do río, para a habilitación legal do exercicio da actividade pesqueira, que conlevará o recoñecemento de dereitos sociolaborais (acceso á xubilación, baixas, táboa de doenzas profesionais, coeficientes redutores da idade de xubilación, etc.).

2.- Determinación das zonas e condicións para o exercicio da pesca, así como aquelas de protección especial (caso do esteiro do Miño), ademais das artes e aparellos permitidos.

3.- Ordenación da primeira venda das capturas, a través do proceso de subhasta en lonxa fluvial, de xeito debidamente regulado.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Portavoz s. do G.P. do BNG.
María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 17/11/2010 12:53:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:54
Nº Rexistro: 54581
Data envio: 17/11/2010 12:54:49.174

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 17/11/2010 12:54:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 16:55
Nº Rexistro: 54661
Data envio: 18/11/2010 16:55:03.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, relativa ao impacto do decreto do carbón no funcionamento das centrais térmicas galegas.

Os contidos do Real Decreto polo que se crea o procedemento de resolución das restricións por garantía de subministro, tamén coñecido como o "decreto do carbón", teñen provocado unha forte contestación, tanto polo seu impacto no desenvolvemento da estratexia enerxética do Estado español como polas súas repercusións nos consumidores e consumidoras e na situación das distintas comarcas mineiras.

Polo que respecta aos dous primeiros aspectos, a aposta pola xeración eléctrica a partir do «carbón autóctono», altamente contaminante, resulta contraditoria cos obxectivos de reducir as emisións de CO2, favorecer o desenvolvemento das enerxías limpas y sostíbeis e racionalizar os custes no sector eléctrico.

A propia Comisión Nacional de la Competencia advertiu que coa aplicación deste decreto poderíase producir ar un importante encarecemento do prezo da electricidade nos mercados maioristas, coa conseguinte repercusión futura nos consumidores.

Pero ademais, a decisión de priorizar o «carbón autóctono » afectará gravemente á actividade económica das centrais térmicas como as situadas nas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 16:55
Nº Rexistro: 54661
Data envio: 18/11/2010 16:55:03.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

localidades coruñesas das Pontes e Meirama (Cerceda) que apostaron pola utilización do carbón importado debido ao progresivo esgotamento dos xacementos mineiros próximos a estas centrais, a reducción das emisión que produce o uso do carbón de importación y os seus menores custes económicos.

Agora, estas centrais, e despois de realizar grandes investimentos para adaptar as súas instalación, ollan como a súa actividade futura esta claramente ameazada, co conseguinte impacto nunhas comarcas altamente dependentes desta actividade económica.

A necesaria aposta polo desenvolvemento integral e sostibel das comarcas mineiras debe acometerse, por un lado, sen comprometelo deseño dunha estratexia enerxética coherente, e por outro asegurando una igualdade de trato para todas elas, que para ser tal debe ter en conta as súas distintas características.

Sendo de base o anteriormente exposto é polo que formulamos a seguinte proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a:

Dirixirse ao Goberno español para:

1º) Revisalos contidos do Decreto do carbón para evitar os graves prexuízos que a aplicación do mesmo terá na produción das centrais térmicas alimentadas co carbón de importación e na economía das comarcas onde estas centrais están implantadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 16:55
Nº Rexistro: 54661
Data envio: 18/11/2010 16:55:03.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º) Distribuír de xeito equitativo a redución na produción que implica a cota reservada á produción eléctrica resultado da combustión do "carbón autóctono", entre todas as tecnoloxías de xeración e non so entre as centrais térmicas alimentadas por carbón de importación e as centrais de ciclo combinado.

Santiago de Compostela, 18 de novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Deputado do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 18/11/2010 16:35:37

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 18/11/2010 16:35:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:39
Nº Rexistro: 54567
Data envio: 17/11/2010 10:39:34.783

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do artigo 144 e concordantes do regulamento da Cámara, solicita se proceda á tramitación da comparecencia en Comisión da Directora Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais para que informe á Cámara sobre unha valoración da colleita de uva no ano 2010 das cinco Denominacións de Orixe de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 17/11/2010 10:37:49

Rosa Oubiña Solla na data 17/11/2010 10:37:55

María Isabel García Pacín na data 17/11/2010 10:38:05

María Emma Álvarez Chao na data 17/11/2010 10:38:10

José Antonio García López na data 17/11/2010 10:38:17

Yolanda Díaz Lugilde na data 17/11/2010 10:38:21

Agustín Baamonde Díaz na data 17/11/2010 10:38:26

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:39
Nº Rexistro: 54567
Data envio: 17/11/2010 10:39:34.783

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Enrique Novoa López na data 17/11/2010 10:38:33

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:41
Nº Rexistro: 54573
Data envio: 17/11/2010 11:41:11.180

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, en base ao recollido no Regulamento do Parlamento e nas normas reguladoras das relacións entre o Parlamento de Galicia e o Valedor do Pobo de data 28 de maio de 1991, solicita diante da Comisión de Peticións a presencia do Valedor do Pobo para dar conta do seu informe sobre as irregularidades nos procesos selectivos para acceso ao emprego público no SERGAS a raíz da queixa presentada por deputados do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A Motivación desta solicitude é a seguinte:

A existencia de graves sospeitas que pesan sobre diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público no Servizo Galego de Saúde (SERGAS) están causando unha importante alarma social polo desamparo ao que se ven sometidos milleiros de opositores, máis despois de que o Valedor do Pobo teña constatado a existencia de irregularidades a raíz da queixa formulada por deputados do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Os socialistas galegos consideramos fundamental garantir a limpeza dos procesos selectivos e a imparcialidade dos mesmos, e estamos seriamente preocupados polas noticias diarias onde se coñecen novas anomalías nas oposicións do Servizo Galego de Saúde.

En Galicia hai milleiros de opositores que están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia e que están sendo unha constante dende a chegada do Partido Popular ao goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:41
Nº Rexistro: 54573
Data envio: 17/11/2010 11:41:11.180

Entendemos que é fundamental que o Valedor do Pobo compareza diante da Comisión de Peticións para explicar a investigación que abriu no seu día e as conclusións e recomendacións formuladas, máis se temos en conta que algúns membros do Goberno galego teñen negado publicamente as conclusións do Alto Comisionado.

Os socialistas galegos consideramos fundamental evitar que os graves feitos xa constatados polo Valedor do Pobo poidan volver a repetirse, xa que hai que dignificar a Administración pública galega garantindo a igualdade de oportunidades. Tamén é indispensable garantir a imparcialidade por parte dos poderes públicos no dereitos dos cidadáns ao acceso á función pública.

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 17/11/2010 11:37:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/11/2010 11:37:17

Mar Barcón Sánchez na data 17/11/2010 11:37:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/11/2010 11:37:28

María Concepción Burgo López na data 17/11/2010 11:37:33

José Manuel Lage Tuñas na data 17/11/2010 11:37:37

Beatriz Sestayo Doce na data 17/11/2010 11:37:43

Modesto Pose Mesura na data 17/11/2010 11:37:50

María Carmen Acuña Docampo na data 17/11/2010 11:37:56

José Luis Méndez Romeu na data 17/11/2010 11:38:01

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:41
Nº Rexistro: 54573
Data envio: 17/11/2010 11:41:11.180

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Ricardo Jacinto Varela Sánchez, Vicepresidente 2º na data 17/11/2010 11:38:05

Maria del Carmen Cajide Herves na data 17/11/2010 11:38:10

Francisco Cerviño González na data 17/11/2010 11:38:18

José Manuel Gallego Lomba na data 17/11/2010 11:38:24

María José Caride Estévez na data 17/11/2010 11:38:29

Pablo Xabier López Vidal na data 17/11/2010 11:38:35

Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/11/2010 11:38:41

Silvia Belén Fraga Santos na data 17/11/2010 11:38:49

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 17/11/2010 11:38:57

Carmen Gallego Calvar na data 17/11/2010 11:39:02

María Remedios Quintas Álvarez na data 17/11/2010 11:39:08

Ismael Rego González na data 17/11/2010 11:39:13

Marisol Soneira Tajes na data 17/11/2010 11:39:18

José Tomé Roca na data 17/11/2010 11:39:26

Sonia Verdes Gil na data 17/11/2010 11:39:31

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54419
Data envio: 11/11/2010 18:59:50.099

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Mª Fernández Leiceaga e María Quintas Alvarez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

O Ano Xacobeo 2010 dura desde o primeiro de xaneiro, coa apertura da Porta Santa, até o último día de decembro, co seu peche. Unha obviedade que parecen descoñecer os responsables autonómicos por canto en datas recentes, tras a visita do Santo Padre a Compostela, desapareceron as dúas unidades do 061 que prestaban os seus servizos no Monte de Gozo e no Casco Histórico de Santiago de Compostela.

Estas unidades, con dúas persoas cada unha, incluíndo a persoal sanitario, cumprían unha relevante función de atención aos peregrinos e visitantes que, por todos os medios de locomoción, acadan o final do Camiño de Santiago.

Desgraciadamente, parece que a Xunta de Galicia entende que o Ano Xacobeo rematou, unha vez celebrada a visita papal.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Eliminároнse definitivamente as dúas unidades citadas?

2. Cales foron as razóns?

3. Como teñen previsto atender aos milleiros de peregrinos e visitantes que continuarán acudindo a Compostela?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2010

Asdo.: Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
María Quintas Alvarez

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54419
Data envio: 11/11/2010 18:59:50.099

Grupo Parlamentario

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/11/2010 18:58:51

María Remedios Quintas Álvarez na data 11/11/2010 18:58:55

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54422
Data envio: 11/11/2010 20:12:09.641

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, **Francisco Cerviño González** e **Mar Barcón Sánchez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Partido dos Socialistas de Galicia

O Hospital "Abente y Lago" na cidade da Coruña, é unha das institucións principais da rede asistencial do Sergas, na área sanitaria coruñesa. Segundo a memoria oficial, conta con 116 camas, 7 quirófanos e 52 salas de consultas externas. Anualmente rexistra máis de 129.000 consultas externas.

Trátase ademais dun hospital de longa tradición na cidade. Logo de ter sido Hospital Militar dende o século XVIII, no ano 1995 a Xunta mercoulle o edificio ó Ministerio de Defensa e fixo os investimentos necesarios para incorporalo no complexo hospitalario da Coruña. Atrás quedaba unha longa loita dos seus traballadores para evitar o peche, mobilización que foi quen a mover as vontades das Administracións central e autonómica.

Nos últimos meses o hospital está a vivir unha progresiva perda da actividade como consecuencia das decisións da Consellería de Sanidade. Dunha banda, en horario ordinario, facultativos do cadro do hospital, realizan intervencións cirúrxicas en instalacións de hospitais concertados. Esta situación estase facendo nus casos de xeito voluntario e noutros de xeito forzoso, tendo sen utilización os quirófanos do hospital "Abente y Lago". Como exemplo: En horario de mañá de xuño a setembro non se ocuparon os 7 quirófanos. En horario de tarde só se utiliza 1 ou 2 a semana.

As condicións de traballo non son exactamente iguais nos quirófanos concertados que nos propios. Máis número de pacientes, menos persoal de enfermería, inexistencia de rexistros desas intervencións nas historias clínicas. Doutra banda, son frecuentes as repeticións de probas diagnósticas, con nova facturación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54422
Data envio: 11/11/2010 20:12:09.641

Unha vez iniciado ese proceso, que implica un dobre custo para o sistema sanitario, o persoal propio está sendo minorado: menos persoal de enfermería nos fins de semana, nos días festivos e polas noites. Mesmo o hospital está sen dirección médica e a coordinadora médica está destinada en Cee, a cen quilómetros de distancia.

Cómpre subliñar que dende que a Unidade de Reanimación, tendo a estructura e os dispositivos necesarios, (2 camas de críticos) pechou polas noites e fins de semana, cando os pacientes necesitan ese servizo é necesario avisar ó 061 para que os traslade o CHUAC.

Toda a planta de cirurxía de curta estancia está pechada os fins de semana. Laboratorio e banco de sangue foron pechados e trasladados ó CHUAC.

Así un hospital cun modelo moi eficiente de cirurxía sen ingreso ou de corta estancia, con índices de calidade sobresaíntes, está sendo abandonado, amosando unha tendencia que levará á ineficiencia e o peche das instalacións, como xa sucedeu ca UCEQ (Unidade de curta estancia cirúrxica) con 18 camas.

Esta situación repercute nos pacientes de varias formas. As citas para realizar un ecocardiograma, por exemplo, danse cunha espera de 6 meses a un ano, igual que para unha ecografía abdominal. E aínda existen demoras maiores para determinadas probas diagnósticas. A consulta de anestesia que se viña realizando todos os días da semana de mañá, rebaixouse a 1 día de mañá e 2 de tarde con peonadas, con lista de espera de 6 meses o más. Toda esta espera tendo consultas cerradas polas tardes.

Cómpre lembrar que o Goberno Touriño reduciu as lista de espera nas especialidades onde esa situación era endémica, cun custo económico razoable.

Diante desa situación o Grupo Parlamentario Socialista considera necesario que a Consellería de Sanidade explique publicamente os seus obxectivos e ofreza garantías de recuperación da actividade clínica e cirúrxica do Hospital "Abente y Lago".

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54422
Data envio: 11/11/2010 20:12:09.641

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

E por iso que os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Que medidas serán adoptadas para corrixir as deficiencias expostas?

Parlamento de Galicia, 11 de novembro de 2010

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Francisco Cerviño González
Modesto Pose Mesura
Mar Barcón Sánchez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luis Méndez Romeu na data 11/11/2010 19:47:08

Francisco Cerviño González na data 11/11/2010 19:47:13

Modesto Pose Mesura na data 11/11/2010 19:47:21

Mar Barcón Sánchez na data 11/11/2010 19:47:27

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 12:04
Nº Rexistro: 54514
Data envio: 16/11/2010 12:04:28.598

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Luis Méndez Romeu, **Modesto Pose Mesura**, **Francisco Cerviño González** e **Mar Barcón Sánchez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicita a esa Mesa se proceda a realizar unha **corrección de erros** advertida nos documentos 54422, 54423, correspondentes a unha pregunta oral en Comisión e unha pregunta oral en Pleno respectivamente.

Ao final do cuarto parágrafo da iniciativa onde di: "… . Como exemplo: en horario de mañá de xuño a setembro non se ocuparon os 7 quirófanos. En horario de tarde só se utiliza 1 ou 2 á semana." Débese suprimir. No seu lugar introducir a expresión: "… . Así foi nos últimos meses."

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2010

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Modesto Pose Mesura
Francisco Cerviño González
Mar Barcón Sánchez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luis Méndez Romeu na data 16/11/2010 11:52:26

Modesto Pose Mesura na data 16/11/2010 11:52:34

Francisco Cerviño González na data 16/11/2010 11:52:38

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 12:04
Nº Rexistro: 54514
Data envio: 16/11/2010 12:04:28.598

Grupo Parlamentario

Mar Barcón Sánchez na data 16/11/2010 11:52:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:36
Nº Rexistro: 54436
Data envio: 12/11/2010 13:36:31.070

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á posición da Consellaría do Mar en relación coa utilización do denominado "talibán" como modalidade do rastro de vieira.

A Consellaría do Mar está a elaborar o novo Decreto de regulación da actividade pesqueira e as artes e aparellos de pesca autorizados en augas de competencia da Galiza, en substitución do aínda vixente Decreto 424/1993.

Na redacción inicial, a Consellaría de Pesca legaliza, dentro do artigo que leva o epígrafe de "marisqueo desde embarcación con rastros remolcados", o denominado popularmente "talibán", isto é, unha modalidade específica de rastro de vieira que, no canto da ringleira de dentes curvados que leva na base, mostra "unha cadea ou corda chumbada e patíns a ambos lados para facilitar o seu desprazamento", segundo indica literalmente o borrador do novo Decreto.

Membros do sector marisqueiro a frote teñen manifestado a súa sorpresa pola legalización dunha "arte" que consideran nociva para o mantemento biolóxico dunha especie como a zamburiña, e mesmo do punto de vista económico, coa probábel minoración dos prezos obtidos en primeira venda como consecuencia do incremento de capturas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:36
Nº Rexistro: 54436
Data envio: 12/11/2010 13:36:31.070

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.ª) Que motivos levan á Consellaría do Mar a legalizar o uso do "talibán" como modalidade do rastro de vieira?

2.ª) Posúe algún estudo técnico ou biolóxico que recomende esta decisión?

3.ª) Contrastouse ou consultouse esta decisión co sector marisqueiro?

4.ª) En caso positivo, con quen, e a través de que mecanismo?

5.ª) É consciente de que hai segmentos do sector marisqueiro que non posúen ningunha información sobre esta posibilidade, e que ademais se opoñen frontalmente a esta?

6.ª) Á vista desta situación, ten previsto modificar esta pretensión?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:36
Nº Rexistro: 54436
Data envio: 12/11/2010 13:36:31.070

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Bieito Lobeira Domínguez na data 12/11/2010 13:33:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 12:54
Nº Rexistro: 54468
Data envio: 15/11/2010 12:54:01.784

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao funcionamento da atención telefónica en relación coas comunicacións de queimas.

Son cada día máis numerosas as queixas realizadas pola cidadanía en relación coas dificultades para poder realizar as comunicacións de queimas desde que se produciu o desmantelamento do CIAG (Centro de Información ao Agro Galego). Concretamente, a maior parte das queixas refírense a imposibilidade de contactar con ningunha persoa a través das chamadas aos números 012 ou 902112000 que ou ben están comunicando ou un contestador automático informa de que non hai ningún operador dispoñíbel, polo que é preciso facer numerosas chamadas, a un número que por certo non é gratuíto, para poder con moita sorte realizar a xestión de comunicar a realización dunha queima.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta situación supón un retroceso na prestación deste servizo á cidadanía e sobre todo supón un paso atrás na prevención de incendios forestais xa que estas dificultades poderían provocar que se volvan realizar masivamente queimas sen coñecemento e sen control por parte da Consellaría do Medio Rural.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da deputada asinante, a formular a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante a Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 12:54
Nº Rexistro: 54468
Data envio: 15/11/2010 12:54:01.784

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.ª) Coñece vostede a situación que se está a producir en relación coa atención telefónica para a comunicación da realización de queimas?

2.ª) No seu caso, que actuacións ten previsto realizar na finalidade de restaurar un servizo de atención á cidadanía eficaz neste ámbito?

3.ª) Non considera que esta situación pode provocar un retroceso na prevención de incendios forestais?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2010.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 15/11/2010 12:38:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54480
Data envio: 15/11/2010 14:08:57.401

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, Carlos Aymerich Cano e **Teresa Táboas Veleiro**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao resultado do proxecto de trazado e construción da Vía Artabra no seu tramo 4: N-VI autovía A-6.

No DOG do 17 de novembro de 2009 aparece a Resolución do 30 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas de varios contratos administrativos. Entre eles o contrato de servizo para o proxecto de trazado e construción da Vía Ártabra. Treito 4: N-VI-autovía A-6. (Clave: AC/04/156.01.4), (AT/031/2009). Cun orzamento de 544.204,99 €.

Unha licitación publicada na pasada lexislatura logo dunha Resolución do Goberno galego sobre o trazado e o tipo de vía para este tramo da vía Artabra tan importante para mellorar a mobilidade da comarca d'As Mariñas e para evitar os colapsos nas estradas de acceso á cidade da Coruña.

A pesar de estar xa rematado o proxecto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a mesma que adxudicou o contrato, sen facer público o documento, anuncia inicialmente que se elimina este tramo do proxecto de construción da vía Ártabra, alegando discrepancias dos concellos afectados.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54480
Data envio: 15/11/2010 14:08:57.401

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha valoración que non se corresponde coa realidade e que, en calquera caso é irrelevante para un proxecto que xa cumpriu todos os trámites como demostra a numerosa documentación oficial tanto dos concellos d'As Mariñas como do propio Goberno galego ao longo de varias lexislaturas. Entre elas finalmente unha resolución executiva da propia Xunta que aproba definitivamente o proxecto e da como resultado a licitación reseñada.

Por ese motivo, o Grupo do BNG realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Cal é o resultado do Proxecto de trazado e construción da Vía Ártabra. Treito 4 contratada en Novembro de 2009?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Carlos Aymerich Cano
Teresa Táboas Veleiro
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 15/11/2010 14:02:00

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/11/2010 14:02:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54480
Data envio: 15/11/2010 14:08:57.401

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Teresa Táboas Veleiro na data 15/11/2010 14:02:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 18:27
Nº Rexistro: 54491
Data envio: 15/11/2010 18:27:10.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa as medidas de apoio ao sector comercial na Coruña.

O pequeno comercio na cidade da Coruña ven demandando unha serie de medidas coas que poder enfrontar as dificultades pola que esta atravesando o sector e que ten chegado a provocar o peche de establecementos e a diminución das vendas, coa conseguinte baixada da actividade económica e a perda de emprego.

Sumido nunha crise estendida á práctica totalidade dos sectores que ten retraído o consumo, o pequeno comercio sufre un impacto mais acusado debido á conxunción dunha serie de factores e, na medida en que este sector dispón de menos recursos que outros formatos comerciais para poder superala, convérteno nun dos mais vulnerábeis. Os cambios nos hábitos de consumo, as distintas ofertas comerciais e, nalgúns casos, excesivas, debuxan unhas circunstancias onde as actuacións das administracións non é indiferente ao desenvolvemento desta actividade.

Esta situación é a que ten levado a unha boa parte dos concellos galegos a tomar iniciativas propias para paliar esta situación e que por medio de actuacións de apoio directas como as de tipo económico, mellora das infraestruturas e contornas dos espazos urbanos, revitalizacións dos mercados municipais, fomento dos centros comerciais abertos ou campañas de dinamización comercial

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 18:27
Nº Rexistro: 54491
Data envio: 15/11/2010 18:27:10.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou as indirectas como as relacionadas co fomento do consumo, dinamización cultural, etc. teñen dado unha resposta destacada mais insuficiente.

É a inexistencia dunha lexislación mais acaída á propia realidade do sector, que dea resposta aos novos formatos comerciais e a osta en marcha dunha serie de medidas permitan dun xeito constante analizar a actividade comercial e xerar propostas de actuación para responder en tempo e forma o que ten impedido dar a resposta adecuada e de caracter global a unha situación estendida por todo Pais. Esta é a grande demanda do sector que permita competir en igualdade de condicións coas grandes superficies, demostrando que o comercio de proximidade, o comercio tradicional e o que ten xerado movemento económico, que inviste na cidade e o que mantén o emprego.

Coa crecente preocupación do sector que non albisca medidas orientadas a inverter esta tendencia é polo que formulamos as seguintes preguntas dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cales son as medidas concretas que ten posto en marcha o Goberno Galego para xerar unha situación de confianza no sector comercial de proximidade, inverter a tendencia e axudar a revitalizalo na cidade da Coruña?

2ª) Cales son as medidas que vai implementar o Goberno Galego para reconducir a situación do comercio no concello da Coruña? Cales van ser os recursos económicos que vai destinar a estas medidas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 18:27
Nº Rexistro: 54491
Data envio: 15/11/2010 18:27:10.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) No considera o Goberno Galego que é necesaria unha normativa máis acorde a realidade existente que permita diminuír ou eliminar as desvantaxes comparativamente falando?

4ª) Non considera o Goberno Galego que é necesaria unha actuación especial para o comercio tradicional, habida conta de que son os que están realmente imbricados na trama urbana e no tecido social e económico onde se asentan?

Santiago de Compostela, 15 de novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 15/11/2010 18:26:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:30
Nº Rexistro: 54507
Data envio: 16/11/2010 10:30:09.363

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, Rosa Oubiña Solla, Isabel García Pacín e **Yolanda Díaz Lugilde** deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

A principios de ano o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde da Consellería de Medio Rural pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2010 as axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción.

Son axudas dirixidas a organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que cumpren unha serie de requisitos entre os que se atopan o feito de carecer de ánimo de lucro, acreditar que os gandeiros que as integran concentran un mínimo do 60% do censo de reproductoras da/s raza/s en perigo de extinción ou estar oficialmente recoñecidas para a xestión do libro ou libros xenealóxicos destas razas, así como garantir nos estatutos a participación democrática dos seus membros e a ausencia de trato discriminatorio para os criadores.

En relación a este asunto, as deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- ¿Cantas foron as organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que foron beneficiadas por esta orde de axudas?

2.- ¿A que razas autóctonas galegas de protección especial beneficiou esta orde de axudas?

3.- ¿Cal é a localización xeográfica das entidades subvencionadas?

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:30
Nº Rexistro: 54507
Data envio: 16/11/2010 10:30:09.363

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

4.- ¿Qué actuacións foron subvencionadas a través desta convocatoria de axudas?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

María Emma Álvarez Chao na data 16/11/2010 10:27:45

Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2010 10:27:50

María Isabel García Pacín na data 16/11/2010 10:27:58

Yolanda Díaz Lugilde na data 16/11/2010 10:28:03

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:47
Nº Rexistro: 54511
Data envio: 16/11/2010 10:47:02.499

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carlos Aymerich Cano e Ana Luísa Bouza Santiago, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa as medidas de apoio ao sector comercial na Coruña.

O pequeno comercio na cidade da Coruña ven demandando unha serie de medidas coas que poder enfrontar as dificultades pola que esta atravesando o sector e que ten chegado a provocar o peche de establecementos e a diminución das vendas, coa conseguinte baixada da actividade económica e a perda de emprego.

Sumido nunha crise estendida á práctica totalidade dos sectores que ten retraído o consumo, o pequeno comercio sufre un impacto mais acusado debido á conxunción dunha serie de factores e, na medida en que este sector dispón de menos recursos que outros formatos comerciais para poder superala, convérteno nun dos mais vulnerábeis. Os cambios nos hábitos de consumo, as distintas ofertas comerciais e, nalgúns casos, excesivas, debuxan unhas circunstancias onde as actuacións das administracións non é indiferente ao desenvolvemento desta actividade.

Esta situación é a que ten levado a unha boa parte dos concellos galegos a tomar iniciativas propias para paliar esta situación e que por medio de actuacións de apoio directas como as de tipo económico, mellora das infraestruturas e contornas dos espazos urbanos, revitalizacións dos mercados municipais, fomento dos centros comerciais abertos ou campañas de dinamización comercial

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:47
Nº Rexistro: 54511
Data envio: 16/11/2010 10:47:02.499

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou as indirectas como as relacionadas co fomento do consumo, dinamización cultural, etc.. teñen dado unha resposta destacada mais insuficiente.

É a inexistencia dunha lexislación mais acaída á propia realidade do sector, que dea resposta aos novos formatos comerciais e a osta en marcha dunha serie de medidas permitan dun xeito constante analizar a actividade comercial e xerar propostas de actuación para responder en tempo e forma o que ten impedido dar a resposta adecuada e de caracter global a unha situación estendida por todo Pais. Esta é a grande demanda do sector que permita competir en igualdade de condicións coas grandes superficies, demostrando que o comercio de proximidade, o comercio tradicional e o que ten xerado movemento económico, que inviste na cidade e o que mantén o emprego.

Coa crecente preocupación do sector que non albisca medidas orientadas a inverter esta tendencia é polo que formulamos as seguintes preguntas dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cales son as medidas concretas que ten posto en marcha o Goberno Galego para xerar unha situación de confianza no sector comercial de proximidade, inverter a tendencia e axudar a revitalizalo na cidade da Coruña?

2ª) Cales son as medidas que vai implementar o Goberno Galego para reconducir a situación do comercio no concello da Coruña? Cales van ser os recursos económicos que vai destinar a estas medidas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:47
Nº Rexistro: 54511
Data envio: 16/11/2010 10:47:02.499

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) No considera o Goberno Galego que é necesaria unha normativa máis acorde a realidade existente que permita diminuír ou eliminar as desvantaxes comparativamente falando?

4ª) Non considera o Goberno Galego que é necesaria unha actuación especial para o comercio tradicional, habida conta de que son os que están realmente imbricados na trama urbana e no tecido social e económico onde se asentan?

Santiago de Compostela, 16 de Novembro do 2010.

Asdo.**Henrique Viéitez Alonso**
Carlos Aymerich Cano
Ana Luisa Bouza Santiago
Deputados e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 16/11/2010 10:39:32

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2010 10:39:36

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 10:39:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:07
Nº Rexistro: 54523
Data envio: 16/11/2010 13:07:22.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e **Carlos Aymerich Cano**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión,** relativa á prohibición por parte do xerente do CHUAC da celebración no salón de actos do hospital dun acto convocado pola Xunta de Persoal do hospital.

O pasado 15 de Novembro celebrouse na rotonda dos accesos ao Centro Hospitalario Universitario d'A Coruña unha mesa redonda, dirixida ao persoal do centro hospitalario e convocada pola Xunta de persoal, co obxectivo de informar e debater entre as e os profesionais a preocupante situación de deterioro da sanidade pública galega e mais en concreto o que afecta ao propio CHUAC.

Realizouse na rúa esta convocatoria non por desexo das persoas convocantes senón pola censura informativa establecida no Complexo Hospitalario polo xerente, ao prohibir a súa celebración no salón de actos, como foi solicitado pola Xunta de persoal.

Esta actitude antidemocrática foi explicada polo xerente aludindo a ordes directas da Consellería o que agrava aínda máis a situación:

Por ese motivo, o Grupo do BNG realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:07
Nº Rexistro: 54523
Data envio: 16/11/2010 13:07:22.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Qué motivou á Consellería de Sanidade a censurar o dereito de reunión do persoal do SERGAS ao prohibir a celebración dun acto informativo convocado pola Xunta de Persoal do CHUAC no salón de actos do Hospital?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Carlos Aymerich Cano
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 13:02:34

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2010 13:02:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:45
Nº Rexistro: 54534
Data envio: 16/11/2010 13:45:01.138

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e Teresa Táboas Veleiro, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao Parque Empresarial de Ponteareas "Val do Tea".

Ponteareas, cabeceira da comarca do Condado, carece de ningunha caste de terreo industrial que dispoña das mínimas dotacións para ser considerado un "parque empresarial"; porén existen multitude de asentamentos industriais dispersos por todo o territorio municipal.

Despois dunha década de promesas e anuncios sen que se dera un só paso para dotar a Ponteareas dunha zona industrial, o anterior Goberno Galego impulsou a tramitación do Parque Empresarial de Ponteareas "Val do Tea", cunha planificación de 800.000 metros cadrados, para a consecución dunha demanda de todas as entidades e institucións políticas, sociais e empresariais de Ponteareas.

En marzo de 2009 publicase no DOG a exposición do Proxecto Sectorial, exposición que rematou en maio de 2009, dende entón nin se resolveron as escasas alegacións presentadas nin se deu un só paso mais, quedando completamente paralizado e aparcado de toda previsión da Xunta a curto e medio prazo

A previsión económica nos orzamentos do 2011 é ridícula e indica o abandono, por terceiro ano consecutivo, do parque empresarial de Ponteareas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:45
Nº Rexistro: 54534
Data envio: 16/11/2010 13:45:01.138

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iniciativa do BNG, o Pleno da Corporación Municipal de Ponteareas tense manifestado por unanimidade, reclamando esta actuación prioritaria para Ponteareas.

O anterior goberno tamén impulsou unha comisión de seguimento do Parque Empresarial, comisión que só se volveu reunir en novembro de 2009, tamén a instancia do BNG, despois, a pesares dos compromisos asumidos nesa reunión polo Xerente de Xestur en Pontevedra e de solicitalo o BNG a nivel local, non se volveu reunir, nin a dar ningún tipo de explicación da situación actual, e das previsións de futuro desta área empresarial planificada.

Dada a situación de parálise é polo que formulamos as seguintes preguntas, ao Goberno galego, con resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cales son os motivos polos que a Xunta aínda non resolveu as escasas alegacións presentadas ao Parque Empresarial de Ponteareas?.

2ª) Cales son as xestións realizadas pola Xunta de Galicia dende maio de 2009 sobre o Parque Empresarial de Ponteareas?.

3ª) Cales son os motivos polos que desaparece o Parque Empresarial "Val do Tea", das Directrices de Ordenación do Territorio?.

4ª) Qué previsións ten o actual goberno da Xunta para desenvolver o Parque Empresarial "Val do Tea"?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:45
Nº Rexistro: 54534
Data envio: 16/11/2010 13:45:01.138

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5ª) Cales son as xestións realizadas polo actual goberno da Xunta para que este para que o Parque Empresarial "Val do Tea" conte con conexión directa coa autovía A-52?.

6ª) Hai algún estudio de demanda de solo, realizados dende maio de 2009, para o Parque Empresarial "Val do Tea"?. De ser certo, cales son os resultados?.

7ª) Ten recibido comunicacións por parte do Goberno Municipal de Ponteareas, demandando a prioridade deste investimento?. Si así fose en que datas?.

8ª) Houbo reunións celebradas entre os responsables de Xestur e da Consellería co Alcalde e o goberno local de Ponteareas sobre o Parque Empresarial "Val do Tea"?. De producirse, en que datas foron e cales son os resultados das mesmas?

9ª) Cales son os motivos polo que aínda non se levou ao Consello da Xunta para a súa aprobación o Proxecto Sectorial do Parque Empresarial "Val do Tea"?. Cal é a previsión no tempo?.

Santiago de Compostela, 14 de novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:45
Nº Rexistro: 54534
Data envio: 16/11/2010 13:45:01.138

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 16/11/2010 13:23:59

Teresa Táboas Veleiro na data 16/11/2010 13:24:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:45
Nº Rexistro: 54535
Data envio: 16/11/2010 13:45:31.216

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, **Carme Adán Villamarín** e **Bieito Lobeira Domínguez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao Plan Especial do porto de Baiona.

Na páxina electrónica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e dentro da sección Plans ou programas de Avaliación Ambiental Estratéxica aparece un Documento de inicio relativo ao Plan Especial do porto de Baiona. No seu contido remítese a o "Plan Especial do porto de Baiona", promovido polo Ente Público Portos de Galiza, feito confirmado mais adiante cando indica de xeito literal "Portos de Galicia formula o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona e o somete ó procedemento de tramitación pola administración competente en materia de urbanismo que é o Concello de Baiona".

Dado o impacto que pode producir o desenvolvemento deste plan especial é polo que formulamos as seguintes preguntas ao Goberno galego con resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Dende cando Portos de Galiza esta tramitando o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

2ª) En que fase de desenvolvemento esta a tramitación do Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:45
Nº Rexistro: 54535
Data envio: 16/11/2010 13:45:31.216

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) En que data foi remitido o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona ao concello de Baiona?.

4ª) Ten presentado o concello de Baiona algunha proposta e, en todo caso, de que tipo sobre o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

5ª) Ten o Goberno galego establecido algún tipo de canle para recoller a opinión dos sectores implicados ou afectados no desenvolvemento do Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

6ª) Ten recibido o Goberno galego algunha aportación ou suxerencia sobre como desenvolver o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

7ª) De ser certo, por parte de que entidades ou organismos e cales foron?.

8ª) En función das fases que faltan por desenvolver, cal é o cronograma destas?

Santiago de Compostela, 14 de novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Bieito Lobeira Domínguez
Carme Adán Villamarín
Deputados e Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:45
Nº Rexistro: 54535
Data envio: 16/11/2010 13:45:31.216

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 16/11/2010 13:42:55

María do Carme Adán Villamarín na data 16/11/2010 13:43:07

Bieito Lobeira Domínguez na data 16/11/2010 13:43:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54549
Data envio: 16/11/2010 16:29:57.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á redución da actividade cirúrxica nos hospitais do SERGAS no último ano e as súas consecuencias na atención a doentes en lista de espera.

No verán de 2009, o Goberno galego decretou o fin da autoconcertación para a actividade cirúrxica co argumento de que se podía realizar en xornada ordinaria o que se estaba a facer en xornada extraordinaria, poñendo en cuestión a profesionalidade de traballadoras e traballadores do SERGAS.

Isto supuxo un deterioro na atención sanitaria e un empeoramento do tempo de espera e do número de persoas en espera para unha intervención cirúrxica que o Goberno galego tentou maquillar con varias estratexias: eliminaron a información sobre a actividade cirúrxica total limitándose a dar datos de actividade en xornada ordinaria e presionaron sobre as listas estruturais derivando á privada ou pechando axendas ao tempo que comunicaban datos non homologábeis sobre espera por prioridades.

Non se atendeu ás numerosas demandas de información sobre espera non estrutural e actividade total feitas dende o BNG en sesións de Comisión e Pleno no Parlamento Galego.

Pero a realidade do empeoramento da atención, mentres se mantiñan quirófanos pechados, é unha evidencia para profesionais e doentes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54549
Data envio: 16/11/2010 16:29:57.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha realidade que ven de ser confirmada na Memoria 2009 do Consello Económico e Social (CES) presentada nos últimos días, que cifra en 6844 cirurxías menos as realizadas en 2009 respecto do ano anterior.

Desminte este informe as continuas referencias de portavoces do Partido Popular de mellora da actividade cirúrxica e, o que é escandaloso, da Conselleira de Sanidade e do propio Presidente Galego no Parlamento.

Esta situación leva a este Grupo do BNG realiza as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) Cál é a valoración que fai o Goberno galego da diminución de actividade cirúrxica real en 2009 que aparece na Memoria 2009 do CES?

2ª) Qué medidas tomará o Goberno galego no referente a recursos humanos para abordar esta problemática?

3ª) Ten previsto o Goberno Galego rectificar sobre a información que proporciona sobre actividade cirúrxica e incorporar a realizada en xornada extraordinaria?

4ª) Cál é a previsión de evolución da actividade cirúrxica total que fai o Goberno galego para o segundo semestre de 2010?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54549
Data envio: 16/11/2010 16:29:57.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 16:26:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54559
Data envio: 16/11/2010 19:34:42.318

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás razóns polas que se privatiza a xestión do proxecto Rede de Espazos Xove de Dinamización Xuvenil e Emancipación.

A Xunta de Galiza ven de publicar no DOG a contratación, polo trámite de urxencia, do servizo de programación e xestión do Proxecto Rede de Espazos Xove de Dinamización xuvenil e emancipación. Segundo a documentación que rexe este contrato o valor de licitación é de case 400.000 euros, a repartir entre os anos 2010 e 2011 e trátase de levar adiante a xestión das actividades das Casas situadas en Lalín, Tui, Vilagarcía, Noia, Carballo, Curtis, Betanzos, Pontedeume, Vilalba e Ourense.

Desde o BNG vemos innecesario este programa, máxime cando as funcións ás que se fai referencia son redundantes cos obxectivos e funcións que xa teñen esas Casas da Xuventude e a Rede de oficinas de Información xuvenil. Estaríanse duplicando servizos que xa existen, para facelos a través da contratación dunha empresa privada.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en comisión:

1.ª) Que razóns levan á Xunta de Galiza a contratar unha empresa privada para realizar actividades no ámbito xuvenil cando xa existe persoal que realice esas funcións?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 09:30
Nº Rexistro: 54559
Data envio: 16/11/2010 19:34:42.318

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.ª) Considera a Xunta de Galiza que o persoal co que contan as casas da xuventude e as oficinas de información xuvenil non están cumprindo coas súas funcións?

3.ª) Que razóns levan á Xunta de Galiza a optar pola privatización dun servizo cando este pode facerse desde o ámbito público?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/11/2010 19:25:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:10
Nº Rexistro: 54565
Data envio: 17/11/2010 10:10:11.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e **Ana Belén Ponton Mondelo**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación de deterioro da asistencia sanitaria en atención primaria e especializada na Area sanitaria de Santiago.

No ano 2010 a Area sanitaria de Santiago viviu un deterioro denunciado por profesionais e persoas usuarias, visíbel nos centros sanitarios e obxecto de debates e novas nos medios de comunicación. Unha parte desta situación é común a todo o País e xa o Grupo do BNG o ten denunciado en numerosas ocasións no Parlamento galego.

O peche masivo de camas hospitalarias, por riba da redución estacional de demanda, fixo que se colapsara o Servizo de Urxencias do CHUS ao non poder enviar a planta, por falta de camas, a doentes que tiñan que ingresar. Xa en Abril o BNG denunciou a necesidade de mellorar a cobertura das URXENCIAS no clínico, saturadas e sen espazo para atender adecuadamente aos ingresos. Non se cumpriu o compromiso da Consellería de Sanidade de reabrir as camas pechadas se a demanda o requiría, así que esta situación empeorou ao longo do verán. Pecháronse ademais algunhas camas como as do Hospital de Conxo co argumento da realización de obras que non precisaban do peche das camas.

A actividade programada sufre con esta diminución de dispositivos un retraso e intenta compensarse coa remisión de doentes a centros privados concertados para

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:10
Nº Rexistro: 54565
Data envio: 17/11/2010 10:10:11.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intervencións leves e o seu paso á lista non estrutural no caso de negárense a aceptar unha intervención nun centro privado, o que significa adiar sine-die a intervención.

O deterioro na atención especializada tamén ven de ser denunciado polas familias, como é o caso das 500 sinaturas entregadas para reclamar máis persoal para a unidade de atención temperá do CHUS que atende a nenas e nenos, cunha lista de espera incompatíbel coa atención temperá e un cambio continuo de terapeuta.

Ademais, cos datos de evolución das listas de espera estrutural dos últimos 2 anos, vemos que é o complexo hospitalario onde empeoran con máis rapidez e nalgunhas especialidades superase o ano de espera. En concreto, nas listas publicadas a 30 de setembro de 2010, é o centro hospitalario con peor evolución das listas estruturais. Pero ademais é xeneralizada a percepción do aumento da espera non publicada e que a Consellería se nega a publicar.

Tamén é un dos centros afectados pola información de rebaixa da actividade cirúrxica que aparece no informe CES 2009, que confirma a denuncia realizada dende o BNG sobre a parcialidade dos datos publicados pola Consellería de Sanidade e os aportados polo propio Presidente da Xunta no Parlamento galego. Que confirma o fracaso do parón da autoconcertación.

A Atención Primaria na comarca sufriu tamén os resultados da decisión da Consellaría de Sanidade de non cubrir as ausencias das/dos profesionais, cuestión que no verán, por mor das vacacións, afecta máis directamente a atención primaria. Nalgúns casos pechouse o cupo durante varios días ante a ausencia da/do facultativa/o titular. Noutros pechouse a axenda atendéndose como urxencias os casos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:10
Nº Rexistro: 54565
Data envio: 17/11/2010 10:10:11.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que non se podían adiar. Cando esta situación é diaria, e de varias persoas cada día, desorganiza a atención do centro ao írense incluíndo urxencias polo medio da axenda normal do resto de persoal facultativo. O resto de doentes, que non son atendidos como urxencias, ven retrasada a súa atención normal varios días, coas repercusións que pode ter na súa saúde. Reducíronse radicalmente os sistemas utilizados noutras ocasións como substitución externa, intersubstitución e prolongación, sistemas que manteñen a atención nos niveis medios dos centros. Esta situación xeneralízase para o persoal facultativo pero o mesmo está a suceder co resto do persoal (de xestión de servizos, de enfermería...) cuestión xa denunciada polas organizacións sindicais e que afecta á atención sanitaria.

Non hai previsto pola Consellería de Sanidade ningunha mellora das infraestruturas de Atención Primaria para os concellos de Muros, Noia, Lousame, Outes, Porto do Son e Mazaricos en toda a lexislatura, e non hai propostas alternativas á paralización do Plan de mellora da Atención Primaria.

Esta situación leva a este Grupo do BNG a realizar as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Cómo vai xestionar o Goberno galego as listas de espera que se producirán na Atención Primaria de xeneralizarse o sistema de pechar axendas de AP na xestión cotiá?

2.ª) Cómo ten previsto o Goberno galego resolver a baixada da actividade cirúrxica detectada polo CES no ano 2009?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:10
Nº Rexistro: 54565
Data envio: 17/11/2010 10:10:11.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.ª) Cantas persoas foron remitidas para intervencións a centros privados no ano 2010 na Area sanitaria de Santiago?

4.ª) Cántas persoas renunciaron a esta derivación e foron incluídas na lista de espera non estrutural?

5.ª) Qué previsións ten o Goberno galego para resolver a espera de máis dun ano en determinadas especialidades no CHUS e a evolución negativa das listas de espera na Area sanitaria de Santiago?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 17/11/2010 10:09:22

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/11/2010 10:09:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:18
Nº Rexistro: 54566
Data envio: 17/11/2010 10:18:56.650

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Ruíz Rivas, Alejandro Gómez Alonso, Jaime Castiñeira Broz, Román Rodríguez González, Pablo Cobián Fernandez de la Puente, Jesús Goldar Güimil, Enrique Novoa López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna; Portavoz e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

A Lei 6/2007 aprobada pola anterior Xunta bipartita, contemplaba unha situación na que se impedía desenvolver polígonos industriais en solo rústico protexido. Nesta situación atópanse sete parques industrais en Galicia, además dun macropolígono industrial que abrangue os Concellos de A Pobra e do Concello de Riveira que é o único polígono industrial cuxa superficie se estende na súa totalidade en solo rústico protexido, estamos a falar case de un millón de metros cadrados.

Esta situación perduraría de non terse acometido unha modificación da normativa a través da Lei de Acompañemento dos Presupostos para o 2011.

Ante as reiteradas reclamacións feitas pola oposición ao actual Goberno da Xunta, esixíndolle mesmo que escomenzase o proceso expropiatorio en algúns casos; semella unha burla os galegos e as galegas e o sector interesado neste tema tendo en conta que estas reclamacións serían inviables e imposibles dado que unha Lei aprobada por eles mesmos o prohibía.

Polo exposto, o deputado asinante, formula a seguinte pregunta:

1) ¿Cantos parques empresariais se iniciaron entre 2005 e 2009 que teñan no seu ámbito solo rústico protexido?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:18
Nº Rexistro: 54566
Data envio: 17/11/2010 10:18:56.650

2) ¿Cales foron eses parques, cal é superficie total prevista de cada un deles e cal é a superficie de solo rústico protexido en cada parque?

3) ¿Canto solo se mercou para ditos parques e canto foi o importe de ditas compras?

4) ¿ En que datas se mercou dito solo e quen asinou as escrituras de compravenda?

5) ¿Estaban aprobados os respectivos proxectos sectoriais cando se mercou ese solo?

6) ¿Cómo prevé a Xunta de Galicia desenvolver ditos parques e rentabilizar o solo adquirido'

Santiago de Compostela, 4 de Novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 17/11/2010 10:15:38

Alejandro Gómez Alonso na data 17/11/2010 10:15:47

Jaime Castiñeira Broz na data 17/11/2010 10:15:54

Román Rodríguez González na data 17/11/2010 10:16:11

Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 17/11/2010 10:16:34

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 17/11/2010 10:16:43

Enrique Novoa López na data 17/11/2010 10:16:52

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/11/2010 10:17:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:51
Nº Rexistro: 54569
Data envio: 17/11/2010 10:51:31.019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e **Henrique Viéitez Alonso**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión,** relativa á valoración da Secretaría Xeral de Igualdade dunha campaña da Dirección Xeral de Comercio.

A Dirección Xeral de Comercio fixo pública hai unha semana unha campaña de impulso ás prazas de abastos. Tan nobre fin vese deturpado polo claro contido sexista da mesma. Sexismo nun duplo sentido: ofrécese un estereotipo dos compradores e compradoras das prazas de abastos e ocúltase ás mulleres que traballan nas mesmas. Un compendio de sexismo que non debería producirse a estas alturas e moito menos por unha administración pública.

O sexismo na publicidade está prohibido por lei. Hai lexislación galega que recolle o compromiso da administración de erradicación do mesmo. Para máis incoherencia a Xunta de Galiza ten unha **Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista,** que á vista dos feitos non cumpre ningún papel máis alá do decorativo.

Desde o BNG consideramos que o mínimo que debería facer a Xunta de Galiza é retirar esta publicidade, promovendo campañas que fuxan de reproducir os máis rancios estereotipos que para nada teñen que ver coa realidade das mulleres.

Polo dito, formulamos as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 10:51
Nº Rexistro: 54569
Data envio: 17/11/2010 10:51:31.019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.ª) Considera a Xunta de Galiza que a campaña "Este inverno presume de praceiro" responde aos criterios de fomentar unha imaxe igualitaria e non estereotipada das mulleres?

2.ª) Que valoración lle merece esta campaña á Secretaria Xeral de Igualdade?

3.ª) Dirixiuse a Secretaria Xeral de Igualdade á Dirección Xeral de Comercio a fin de que esta campaña sexa retirada?

4.ª) Que accións ten previsto levar adiante para evitar que a Xunta de Galiza realice publicacións que reproducen prexuízos sexistas?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Henrique Viéitez Alonso
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/11/2010 10:38:49

Henrique Viéitez Alonso na data 17/11/2010 10:39:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:19
Nº Rexistro: 54578
Data envio: 17/11/2010 12:19:46.480

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e **Ana Luisa Bouza Santiago**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Nas últimas semanas O CEIP Couceiro Feijomil de Pontedeume vive unha situación que impide o normal desenvolvemento das aulas e das actividades da escola. Por unha banda, as aulas de infantil non cumpren as medidas regulamentarias, non teñen instaladas as brincadeiras no patio e logo das chuvias da última semana o alumnado ten que pasar o tempo de recreo no corredor.

O ximnasio e a biblioteca están inundadas e o centro de Formación do Profesorado corre risco de desprendemento. Esta situación vese agravada polos incendios sufridos fai tres semanas. Nos mesmos arderon varios aparatos electrónicos a raíz dun problema de tensión.

O centro foi recepcionado en setembro de 2009 e as deficiencias na súa construción poñen en serio perigo o normal desenvolvemento da actividade docente, o que é motivo de preocupación para toda a comunidade educativa do centro.

Ante esta situación:

1. Que accións vai emprender a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:19
Nº Rexistro: 54578
Data envio: 17/11/2010 12:19:46.480

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Pensa a Consellaría iniciar accións para reclamar responsabilidades á empresa construtora?
3. Como vai solucionar a Consellaría os problemas que padece o centro a cotiá para garantir o normal desenvolvemento das aulas?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010.

Asdo.: María do Carme adán Villamarín
Ana Luisa Bouza Santiago
Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 17/11/2010 12:12:31

Ana Luísa Bouza Santiago na data 17/11/2010 12:12:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54594
Data envio: 17/11/2010 14:31:54.562

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Concepción Burgo López, Mª Remedios Quintas Alvarez e **José Tomé Roca,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Galicia, como o resto dos territorios desenvolvidos, necesita para competir no mercado global unha mellora na competitividade xeral da súa economía. E o mensaxe está claro, é imprescindible unha sociedade e unha economía mais baseadas no coñecemento.

Este mensaxe non é novo, o novo no mundo global é a urxencia e a contundencia do mesmo. A economía do coñecemento xa non é unha opción; falamos dun factor fundamental para unha saída sostible do noso desenvolvemento futuro como país.

Os socialistas vimos sinalando que lamentablemente, a política do goberno de Núñez Feijoo en relación coa investigación e o desenvolvemento e, literalmente, inexistente.

Nos mais de 18 meses do actual goberno galego, este limitouse a continuar en algúns casos coas liñas de apoio a investigación e o desenvolvemento que formulara o anterior goberno, atacando noutro casos dunha forma sectaria a herdanza recibida.

Neste ámbito, moi competitivo, quedarse quietos, é retroceder, aínda que parece que o presidente Feijoo e o conselleiro Guerra non lles preocupa, sempre podemos competir vía salarios, externalizando as nosas producións.

Pero as alternativas teñen que ser outras. E os exemplos deste desgoberno, moitos, como exemplo, en decembro deste ano 2010 rematan os fondos europeos que permitiron desenvolver o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), e non temos noticias fiables sobre o futuro.

Resulta evidente que esta falla de iniciativa política comeza a ter os seus resultados, e os datos así o reflicten. Os últimos coñecidos, para o ano 2009, sinalan como o esforzo en I+D en Galicia en relación co PIB, son peores que os do ano anterior, mentres que no conxunto de España e en moitas comunidades autónomas melloran.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54594
Data envio: 17/11/2010 14:31:54.562

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Mentres en España o esforzo en I+D en relación co PIB, aumenta entre 2008 e 2009 do 1.35 a o 1.38%, en Galicia diminúe do 1.04 o 0.96%, incrementando o noso diferencial negativo. Situándonos nos derradeiros lugares das comunidades autónomas.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno galego desenvolver novas políticas de I+D+i que permitan diminuír o noso diferencial negativo ca media española, en esforzo investigador en relación co PIB?

2. Ten planificadas o goberno galego políticas de colaboración entre a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e os diversos instrumentos de promoción económica?

3. Ten planificadas o Goberno galego políticas de colaboración entre a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades?

4. Ten planificada as introdución de medidas sobre a fiscalidade empresarial que incentiven a adopción de políticas de investigación e innovación nas empresas?

5. Existen vías de coordinación e colaboración estables entre tódalas consellerías que teñen competencias na Función 56 dos orzamentos "Investigación, desenvolvemento e innovación", de cara a racionalizar e optimizar o gasto público en este ámbito?

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2010

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Concepción Burgo López
Mª Remedios Quintas Alvarez
José Tomé Roca
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54594
Data envio: 17/11/2010 14:31:54.562

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/11/2010 14:31:09

María Concepción Burgo López na data 17/11/2010 14:31:14

María Remedios Quintas Álvarez na data 17/11/2010 14:31:18

José Tomé Roca na data 17/11/2010 14:31:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:07
Nº Rexistro: 54626
Data envio: 18/11/2010 10:07:56.435

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e **Bieito Lobeira Domínguez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O mércores 17 de novembro de 2010 o Diario Oficial de Galicia publica a Resolución do 21 de outubro de 2010, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se fai pública a adxudicación dun contrato administrativo. Segundo reza no texto "En cumprimento do disposto no artigo 138º.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a adxudicación do seguinte contrato: Servizo para a elaboración da campaña informativa de divulgación dos novos valores do sistema de ensinanza non universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia." Esta adxudicación consta de dous lotes: Lote 1: creatividade, produción e accións especiais. Lote 2: estratexia, planificación de medios e execución da publicidade. O orzamento base de licitación ascende a 950.000 euros (IVE incluído). Lote 1: 200.000 euros (IVE incluído). Lote 2: 750.000 euros (IVE incluído). Como podemos comprobar con data de 14 de outubro de 2010 adxudicouse o primeiro lote por un importe de 194.989 euros (IVE incluído) e con data de 14 de outubro de 2010 o segundo lote por un importe de 750.000 euros (IVE incluído).

Partindo da premisa que o Presidente Feijóo anunciou no mes de outubro a supresión da campaña para promocionar o decreto de redución do galego nas aulas, e dado que o sistema educativo só sufriu como novidade por unha banda, o recorte de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:07
Nº Rexistro: 54626
Data envio: 18/11/2010 10:07:56.435

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fondos, profesorado e unidades escolares públicas e, por outra, a prohibición de impartir determinadas materias en lingua galega, este grupo parlamentar presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que novos valores do sistema de ensinanza non universitaria pensa publicitar o Goberno galego por un valor de 944.989?

2. Pensa o Goberno que un valor a publicitar é recortar no orzamento do 2011 un 35% nas bolsa para estudar inglés do alumnado?

3. Pensa o Goberno que un valor a publicitar é recortar nun 53% as bolsas para o alumnado de FP que realiza prácticas en empresas?

4. Pensa que é un valor a publicitar recortar un 35% as axudas aos comedores escolares xestionados polas AMPAS?

5. Pensa que é un valor a publicitar reducir o profesorado de atención a diversidade e os programas de prevención do fracaso escolar?

6. Pensa que é un valor a publicitar suprimir a partida orzamentaria de Preescolar na casa?

Santiago de Compostela,18 de novembro de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Bieito Lobeira Domínguez
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:07
Nº Rexistro: 54626
Data envio: 18/11/2010 10:07:56.435

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 18/11/2010 10:03:30

Bieito Lobeira Domínguez na data 18/11/2010 10:03:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:35
Nº Rexistro: 54435
Data envio: 12/11/2010 13:35:55.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á posición da Consellaría do Mar en relación coa utilización do denominado "talibán" como modalidade do rastro de vieira.

A Consellaría do Mar está a elaborar o novo Decreto de regulación da actividade pesqueira e as artes e aparellos de pesca autorizados en augas de competencia da Galiza, en substitución do aínda vixente Decreto 424/1993.

Na redacción inicial, a Consellaría de Pesca legaliza, dentro do artigo que leva o epígrafe de "marisqueo desde embarcación con rastros remolcados", o denominado popularmente "talibán", isto é, unha modalidade específica de rastro de vieira que, no canto da ringleira de dentes curvados que leva na base, mostra "unha cadea ou corda chumbada e patíns a ambos lados para facilitar o seu desprazamento", segundo indica literalmente o borrador do novo Decreto.

Membros do sector marisqueiro a frote teñen manifestado a súa sorpresa pola legalización dunha "arte" que consideran nociva para o mantemento biolóxico dunha especie como a zamburiña, e mesmo do punto de vista económico, coa probábel minoración dos prezos obtidos en primeira venda como consecuencia do incremento de capturas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:35
Nº Rexistro: 54435
Data envio: 12/11/2010 13:35:55.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Que motivos levan á Consellaría do Mar a legalizar o uso do "talibán" como modalidade do rastro de vieira?

2.ª) Posúe algún estudo técnico ou biolóxico que recomende esta decisión?

3.ª) Contrastouse ou consultouse esta decisión co sector marisqueiro?

4.ª) En caso positivo, con quen, e a través de que mecanismo?

5.ª) É consciente de que hai segmentos do sector marisqueiro que non posúen ningunha información sobre esta posibilidade, e que ademais se opoñen frontalmente a esta?

6.ª) Á vista desta situación, ten previsto modificar esta pretensión?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2010 13:35
Nº Rexistro: 54435
Data envio: 12/11/2010 13:35:55.180

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Bieito Lobeira Domínguez na data 12/11/2010 13:35:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 12:53
Nº Rexistro: 54467
Data envio: 15/11/2010 12:53:38.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao funcionamento da atención telefónica en relación coas comunicacións de queimas.

Son cada día máis numerosas as queixas realizadas pola cidadanía en relación coas dificultades para poder realizar as comunicacións de queimas desde que se produciu o desmantelamento do CIAG (Centro de Información ao Agro Galego). Concretamente, a maior parte das queixas refírense a imposibilidade de contactar con ningunha persoa a través das chamadas aos números 012 ou 902112000 que ou ben están comunicando ou un contestador automático informa de que non hai ningún operador dispoñíbel, polo que é preciso facer numerosas chamadas, a un número que por certo non é gratuíto, para poder con moita sorte realizar a xestión de comunicar a realización dunha queima.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta situación supón un retroceso na prestación deste servizo á cidadanía e sobre todo supón un paso atrás na prevención de incendios forestais xa que estas dificultades poderían provocar que se volvan realizar masivamente queimas sen coñecemento e sen control por parte da Consellaría do Medio Rural.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da deputada asinante, a formular a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 12:53
Nº Rexistro: 54467
Data envio: 15/11/2010 12:53:38.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.ª) Coñece vostede a situación que se está a producir en relación coa atención telefónica para a comunicación da realización de queimas?

2.ª) No seu caso, que actuacións ten previsto realizar na finalidade de restaurar un servizo de atención á cidadanía eficaz neste ámbito?

3.ª) Non considera que esta situación pode provocar un retroceso na prevención de incendios forestais?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2010.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 15/11/2010 12:51:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54478
Data envio: 15/11/2010 14:05:15.108

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, Carlos Aymerich Cano e **Teresa Táboas Veleiro**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao resultado do proxecto de trazado e construción da Vía Artabra no seu tramo 4: N-VI autovía A-6.

No DOG do 17 de novembro de 2009 aparece a Resolución do 30 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas de varios contratos administrativos. Entre eles o contrato de servizo para o proxecto de trazado e construción da Vía Ártabra. Treito 4: N-VI-autovía A-6. (Clave: AC/04/156.01.4), (AT/031/2009). Cun orzamento de 544.204,99 €.

Unha licitación publicada na pasada lexislatura logo dunha Resolución do Goberno galego sobre o trazado e o tipo de vía para este tramo da vía Artabra tan importante para mellorar a mobilidade da comarca d'As Mariñas e para evitar os colapsos nas estradas de acceso á cidade da Coruña.

A pesar de estar xa rematado o proxecto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a mesma que adxudicou o contrato, sen facer público o documento, anuncia inicialmente que se elimina este tramo do proxecto de construción da vía Ártabra, alegando discrepancias dos concellos afectados.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54478
Data envio: 15/11/2010 14:05:15.108

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha valoración que non se corresponde coa realidade e que, en calquera caso é irrelevante para un proxecto que xa cumpriu todos os trámites como demostra a numerosa documentación oficial tanto dos concellos d'As Mariñas como do propio Goberno galego ao longo de varias lexislaturas. Entre elas finalmente unha resolución executiva da propia Xunta que aproba definitivamente o proxecto e da como resultado a licitación reseñada.

Por ese motivo, o Grupo do BNG realiza a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é o resultado do Proxecto de trazado e construción da Vía Ártabra. Treito 4 contratada en Novembro de 2009?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Carlos Aymerich Cano
Teresa Táboas Veleiro
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 15/11/2010 14:03:49

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/11/2010 14:03:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54478
Data envio: 15/11/2010 14:05:15.108

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Teresa Táboas Veleiro na data 15/11/2010 14:04:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 18:27
Nº Rexistro: 54492
Data envio: 15/11/2010 18:27:33.837

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ás medidas de apoio ao sector comercial na Coruña.

O pequeno comercio na cidade da Coruña ven demandando unha serie de medidas coas que poder enfrontar as dificultades pola que esta atravesando o sector e que ten chegado a provocar o peche de establecementos e a diminución das vendas, coa conseguinte baixada da actividade económica e a perda de emprego.

Sumido nunha crise estendida á práctica totalidade dos sectores que ten retraído o consumo, o pequeno comercio sufre un impacto mais acusado debido á conxunción dunha serie de factores e, na medida en que este sector dispón de menos recursos que outros formatos comerciais para poder superala, convérteno nun dos mais vulnerábeis. Os cambios nos hábitos de consumo, as distintas ofertas comerciais e, nalgúns casos, excesivas, debuxan unhas circunstancias onde as actuacións das administracións non é indiferente ao desenvolvemento desta actividade.

Esta situación é a que ten levado a unha boa parte dos concellos galegos a tomar iniciativas propias para paliar esta situación e que por medio de actuacións de apoio directas como as de tipo económico, mellora das infraestruturas e contornas dos espazos urbanos, revitalizacións dos mercados municipais, fomento dos centros comerciais abertos ou campañas de dinamización comercial

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 18:27
Nº Rexistro: 54492
Data envio: 15/11/2010 18:27:33.837

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou as indirectas como as relacionadas co fomento do consumo, dinamización cultural, etc. teñen dado unha resposta destacada mais insuficiente.

É a inexistencia dunha lexislación mais acaída á propia realidade do sector, que dea resposta aos novos formatos comerciais e a osta en marcha dunha serie de medidas permitan dun xeito constante analizar a actividade comercial e xerar propostas de actuación para responder en tempo e forma o que ten impedido dar a resposta adecuada e de caracter global a unha situación estendida por todo Pais. Esta é a grande demanda do sector que permita competir en igualdade de condicións coas grandes superficies, demostrando que o comercio de proximidade, o comercio tradicional e o que ten xerado movemento económico, que inviste na cidade e o que mantén o emprego.

Coa crecente preocupación do sector que non albisca medidas orientadas a inverter esta tendencia é polo que formulamos as seguintes preguntas dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª)Cales son as medidas concretas que ten posto en marcha o Goberno Galego para xerar unha situación de confianza no sector comercial de proximidade, inverter a tendencia e axudar a revitalizalo na cidade da Coruña?

2ª)Cales son as medidas que vai implementar o Goberno Galego para reconducir a situación do comercio no concello da Coruña? Cales van ser os recursos económicos que vai destinar a estas medidas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2010 18:27
Nº Rexistro: 54492
Data envio: 15/11/2010 18:27:33.837

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) No considera o Goberno Galego que é necesaria unha normativa máis acorde a realidade existente que permita diminuír ou eliminar as desvantaxes comparativamente falando?

4ª) Non considera o Goberno Galego que é necesaria unha actuación especial para o comercio tradicional, habida conta de que son os que están realmente imbricados na trama urbana e no tecido social e económico onde se asentan?

Santiago de Compostela, 15 de novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 15/11/2010 18:22:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:29
Nº Rexistro: 54506
Data envio: 16/11/2010 10:29:46.660

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín e **Rosa Oubiña Solla** deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Escrita.**

A principios de ano o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde da Consellería de Medio Rural pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2010 as axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción.

Son axudas dirixidas a organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que cumpren unha serie de requisitos entre os que se atopan o feito de carecer de ánimo de lucro, acreditar que os gandeiros que as integran concentran un mínimo do 60% do censo de reproductoras da/s raza/s en perigo de extinción ou estar oficialmente recoñecidas para a xestión do libro ou libros xenealóxicos destas razas, así como garantir nos estatutos a participación democrática dos seus membros e a ausencia de trato discriminatorio para os criadores.

En relación a este asunto, as deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- ¿Cantas foron as organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción que foron beneficiadas por esta orde de axudas?

2.- ¿A que razas autóctonas galegas de protección especial beneficiou esta orde de axudas?

3.- ¿Cal é a localización xeográfica das entidades subvencionadas?

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:29
Nº Rexistro: 54506
Data envio: 16/11/2010 10:29:46.660

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

4.- ¿Qué actuacións foron subvencionadas a través desta convocatoria de axudas?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

Asinado dixitalmente por:

María Emma Álvarez Chao na data 16/11/2010 10:26:55

María Isabel García Pacín na data 16/11/2010 10:27:06

Rosa Oubiña Solla na data 16/11/2010 10:27:10

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:46
Nº Rexistro: 54510
Data envio: 16/11/2010 10:46:33.703

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carlos Aymerich Cano e Ana Luísa Bouza Santiago, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ás medidas de apoio ao sector comercial na Coruña.

O pequeno comercio na cidade da Coruña ven demandando unha serie de medidas coas que poder enfrontar as dificultades pola que esta atravesando o sector e que ten chegado a provocar o peche de establecementos e a diminución das vendas, coa conseguinte baixada da actividade económica e a perda de emprego.

Sumido nunha crise estendida á práctica totalidade dos sectores que ten retraído o consumo, o pequeno comercio sufre un impacto mais acusado debido á conxunción dunha serie de factores e, na medida en que este sector dispón de menos recursos que outros formatos comerciais para poder superala, convérteno nun dos mais vulnerábeis. Os cambios nos hábitos de consumo, as distintas ofertas comerciais e, nalgúns casos, excesivas, debuxan unhas circunstancias onde as actuacións das administracións non é indiferente ao desenvolvemento desta actividade.

Esta situación é a que ten levado a unha boa parte dos concellos galegos a tomar iniciativas propias para paliar esta situación e que por medio de actuacións de apoio directas como as de tipo económico, mellora das infraestruturas e contornas dos espazos urbanos, revitalizacións dos mercados municipais, fomento dos centros comerciais abertos ou campañas de dinamización comercial

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:46
Nº Rexistro: 54510
Data envio: 16/11/2010 10:46:33.703

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou as indirectas como as relacionadas co fomento do consumo, dinamización cultural, etc. teñen dado unha resposta destacada mais insuficiente.

É a inexistencia dunha lexislación mais acaída á propia realidade do sector, que dea resposta aos novos formatos comerciais e a osta en marcha dunha serie de medidas permitan dun xeito constante analizar a actividade comercial e xerar propostas de actuación para responder en tempo e forma o que ten impedido dar a resposta adecuada e de caracter global a unha situación estendida por todo Pais. Esta é a grande demanda do sector que permita competir en igualdade de condicións coas grandes superficies, demostrando que o comercio de proximidade, o comercio tradicional e o que ten xerado movemento económico, que inviste na cidade e o que mantén o emprego.

Coa crecente preocupación do sector que non albisca medidas orientadas a inverter esta tendencia é polo que formulamos as seguintes preguntas dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cales son as medidas concretas que ten posto en marcha o Goberno Galego para xerar unha situación de confianza no sector comercial de proximidade, inverter a tendencia e axudar a revitalizalo na cidade da Coruña?

2ª) Cales son as medidas que vai implementar o Goberno Galego para reconducir a situación do comercio no concello da Coruña? Cales van ser os recursos económicos que vai destinar a estas medidas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 10:46
Nº Rexistro: 54510
Data envio: 16/11/2010 10:46:33.703

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) No considera o Goberno Galego que é necesaria unha normativa máis acorde a realidade existente que permita diminuír ou eliminar as desvantaxes comparativamente falando?

4ª) Non considera o Goberno Galego que é necesaria unha actuación especial para o comercio tradicional, habida conta de que son os que están realmente imbricados na trama urbana e no tecido social e económico onde se asentan?

Santiago de Compostela, 15 de Novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Vieítez Alonso**
Carlos Aymerich Cano
Ana Luisa Bouza Santiago
Deputados e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 16/11/2010 10:34:58

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2010 10:35:02

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 10:35:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:06
Nº Rexistro: 54522
Data envio: 16/11/2010 13:06:42.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e **Carlos Aymerich Cano**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita,** relativa á prohibición por parte do xerente do CHUAC da celebración no salón de actos do hospital dun acto convocado pola Xunta de Persoal do hospital.

O pasado 15 de Novembro celebrouse na rotonda dos accesos ao Centro Hospitalario Universitario d'A Coruña unha mesa redonda, dirixida ao persoal do centro hospitalario e convocada pola Xunta de persoal, co obxectivo de informar e debater entre as e os profesionais a preocupante situación de deterioro da sanidade pública galega e mais en concreto o que afecta ao propio CHUAC.

Realizouse na rúa esta convocatoria non por desexo das persoas convocantes senón pola censura informativa establecida no Complexo Hospitalario polo xerente, ao prohibir a súa celebración no salón de actos, como foi solicitado pola Xunta de persoal.

Esta actitude antidemocrática foi explicada polo xerente aludindo a ordes directas da Consellería o que agrava aínda máis a situación:

Por ese motivo, o Grupo do BNG realiza a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:06
Nº Rexistro: 54522
Data envio: 16/11/2010 13:06:42.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Qué motivou á Consellería de Sanidade a censurar o dereito de reunión do persoal do SERGAS ao prohibir a celebración dun acto informativo convocado pola Xunta de Persoal do CHUAC no salón de actos do Hospital?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Carlos Aymerich Cano
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 13:05:31

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2010 13:05:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:44
Nº Rexistro: 54533
Data envio: 16/11/2010 13:44:40.201

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e Teresa Táboas Veleiro, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao Parque Empresarial de Ponteareas "Val do Tea".

Ponteareas, cabeceira da comarca do Condado, carece de ningunha caste de terreo industrial que dispoña das mínimas dotacións para ser considerado un "parque empresarial"; porén existen multitude de asentamentos industriais dispersos por todo o territorio municipal.

Despois dunha década de promesas e anuncios sen que se dera un só paso para dotar a Ponteareas dunha zona industrial, o anterior Goberno Galego impulsou a tramitación do Parque Empresarial de Ponteareas "Val do Tea", cunha planificación de 800.000 metros cadrados, para a consecución dunha demanda de todas as entidades e institucións políticas, sociais e empresariais de Ponteareas.

En marzo de 2009 publicase no DOG a exposición do Proxecto Sectorial, exposición que rematou en maio de 2009, dende entón nin se resolveron as escasas alegacións presentadas nin se deu un só paso mais, quedando completamente paralizado e aparcado de toda previsión da Xunta a curto e medio prazo

A previsión económica nos orzamentos do 2011 é ridícula e indica o abandono, por terceiro ano consecutivo, do parque empresarial de Ponteareas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:44
Nº Rexistro: 54533
Data envio: 16/11/2010 13:44:40.201

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iniciativa do BNG, o Pleno da Corporación Municipal de Ponteareas tense manifestado por unanimidade, reclamando esta actuación prioritaria para Ponteareas.

O anterior goberno tamén impulsou unha comisión de seguimento do Parque Empresarial, comisión que só se volveu reunir en novembro de 2009, tamén a instancia do BNG, despois, a pesares dos compromisos asumidos nesa reunión polo Xerente de Xestur en Pontevedra e de solicitalo o BNG a nivel local, non se volveu reunir, nin a dar ningún tipo de explicación da situación actual, e das previsións de futuro desta área empresarial planificada.

Dada a situación de parálise é polo que formulamos as seguintes preguntas, ao Goberno galego, con resposta por escrito dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cales son os motivos polos que a Xunta aínda non resolveu as escasas alegacións presentadas ao Parque Empresarial de Ponteareas?.

2ª) Cales son as xestións realizadas pola Xunta de Galicia dende maio de 2009 sobre o Parque Empresarial de Ponteareas?.

3ª) Cales son os motivos polos que desaparece o Parque Empresarial "Val do Tea", das Directrices de Ordenación do Territorio?.

4ª) Qué previsións ten o actual goberno da Xunta para desenvolver o Parque Empresarial "Val do Tea"?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:44
Nº Rexistro: 54533
Data envio: 16/11/2010 13:44:40.201

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5ª) Cales son as xestións realizadas polo actual goberno da Xunta para que este para que o Parque Empresarial "Val do Tea" conte con conexión directa coa autovía A-52?.

6ª) Hai algún estudio de demanda de solo, realizados dende maio de 2009, para o Parque Empresarial "Val do Tea"?. De ser certo, cales son os resultados?.

7ª) Ten recibido comunicacións por parte do Goberno Municipal de Ponteareas, demandando a prioridade deste investimento?. Si así fose en que datas?.

8ª) Houbo reunións celebradas entre os responsables de Xestur e da Consellería co Alcalde e o goberno local de Ponteareas sobre o Parque Empresarial "Val do Tea"?. De producirse, en que datas foron e cales son os resultados das mesmas?

9ª) Cales son os motivos polo que aínda non se levou ao Consello da Xunta para a súa aprobación o Proxecto Sectorial do Parque Empresarial "Val do Tea"?. Cal é a previsión no tempo?.

Santiago de Compostela, 14 de Novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 13:44
Nº Rexistro: 54533
Data envio: 16/11/2010 13:44:40.201

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 16/11/2010 13:43:59

Teresa Táboas Veleiro na data 16/11/2010 13:44:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54541
Data envio: 16/11/2010 14:05:28.880

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ás licencias comerciais específicas para grandes establecementos comerciais.

A Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do Comercio Interior de Galicia recolle no seu artigo 7, modificado a posterior pola Lei 9/2003 de medidas tributarias e administrativas e pola Lei 7/2009, di que están suxeitos á unha autorización comercial autonómica a instalación, a ampliación e o traslado de grandes establecementos comerciais, entendidos estes como aqueles que teñen unha superficie útil de exposición e venda ao público superior a 2.500 m2 .

Dado o impacto que teñen a implantación destes establecementos tanto a nivel territorial, como social ou económico é polo que formulamos as seguintes preguntas con resposta por escrito, á data de contestación, dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cales son as autorizacións comerciais autonómicas realizadas en positivo polo Goberno galego dende principios do ano 2003 desagregadas por concello, data de solicitude e de autorización, superficie e nome ou razón social da entidade solicitante?.

2ª) Cales son as autorizacións comerciais autonómicas denegadas polo Goberno galego dende principios do ano 2003 desagregadas por concello, data de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54541
Data envio: 16/11/2010 14:05:28.880

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solicitude e de denegación, superficie e nome ou razón social da entidade solicitante?.

3ª) Cales son as autorizacións comerciais autonómicas en fase de tramitación polo Goberno galego dende principios do ano 2003 desagregadas por concello, data de solicitude, superficie e nome ou razón social da entidade solicitante?.

Santiago de Compostela, 16 de novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 16/11/2010 14:04:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54548
Data envio: 16/11/2010 16:29:17.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á redución da actividade cirúrxica nos hospitais do SERGAS no último ano e as súas consecuencias na atención a doentes en lista de espera.

No verán de 2009, o Goberno galego decretou o fin da autoconcertación para a actividade cirúrxica co argumento de que se podía realizar en xornada ordinaria o que se estaba a facer en xornada extraordinaria, poñendo en cuestión a profesionalidade de traballadoras e traballadores do SERGAS.

Isto supuxo un deterioro na atención sanitaria e un empeoramento do tempo de espera e do número de persoas en espera para unha intervención cirúrxica que o Goberno galego tentou maquillar con varias estratexias: eliminaron a información sobre a actividade cirúrxica total limitándose a dar datos de actividade en xornada ordinaria e presionaron sobre as listas estruturais derivando á privada ou pechando axendas ao tempo que comunicaban datos non homologábeis sobre espera por prioridades.

Non se atendeu ás numerosas demandas de información sobre espera non estrutural e actividade total feitas dende o BNG en sesións de Comisión e Pleno no Parlamento Galego.

Pero a realidade do empeoramento da atención, mentres se mantiñan quirófanos pechados, é unha evidencia para profesionais e doentes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54548
Data envio: 16/11/2010 16:29:17.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha realidade que ven de ser confirmada na Memoria 2009 do Consello Económico e Social (CES) presentada nos últimos días, que cifra en 6844 cirurxías menos as realizadas en 2009 respecto do ano anterior.

Desminte este informe as continuas referencias de portavoces do Partido Popular de mellora da actividade cirúrxica e, o que é escandaloso, da Conselleira de Sanidade e do propio Presidente Galego no Parlamento.

Esta situación leva a este Grupo do BNG realiza as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª) Cál é a valoración que fai o Goberno galego da diminución de actividade cirúrxica real en 2009 que aparece na Memoria 2009 do CES?

2ª) Qué medidas tomará o Goberno galego no referente a recursos humanos para abordar esta problemática?

3ª) Ten previsto o Goberno Galego rectificar sobre a información que proporciona sobre actividade cirúrxica e incorporar a realizada en xornada extraordinaria?

4ª) Cál é a previsión de evolución da actividade cirúrxica total que fai o Goberno galego para o segundo semestre de 2010?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2010 16:30
Nº Rexistro: 54548
Data envio: 16/11/2010 16:29:17.625

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 16/11/2010 16:25:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:51
Nº Rexistro: 54574
Data envio: 17/11/2010 11:51:10.622

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao Plan Especial do porto de Baiona.

Na páxina electrónica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e dentro da sección Plans ou programas de Avaliación Ambiental Estratéxica aparece un Documento de inicio relativo ao Plan Especial do porto de Baiona. No seu contido remítese a o "Plan Especial do porto de Baiona", promovido polo Ente Público Portos de Galiza, feito confirmado mais adiante cando indica de xeito literal "Portos de Galicia formula o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona e o somete ó procedemento de tramitación pola administración competente en materia de urbanismo que é o Concello de Baiona".

Dado o impacto que pode producir o desenvolvemento deste plan especial é polo que formulamos as seguintes preguntas ao Goberno galego con resposta por escrito dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Dende cando Portos de Galiza esta tramitando o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

2ª) En que fase de desenvolvemento esta a tramitación do Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:51
Nº Rexistro: 54574
Data envio: 17/11/2010 11:51:10.622

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) En que data foi remitido o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona ao concello de Baiona?.

4ª) Ten presentado o concello de Baiona algunha proposta e, en todo caso, de que tipo sobre o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

5ª) Ten o Goberno galego establecido algún tipo de canle para recoller a opinión dos sectores implicados ou afectados no desenvolvemento do Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

6ª) Ten recebido o Goberno galego algunha aportación ou suxerencia sobre como desenvolver o Plan Especial de Ordenación Urbanística do Porto de Baiona?.

7ª) De ser certo, por parte de que entidades ou organismos e cales foron?.

8ª) En función das fases que faltan por desenvolver, cal é o cronograma destas?

Santiago de Compostela, 14 de Novembro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Bieito Lobeira Domínguez
Carme Adán Villamarín
Deputados e Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 11:51
Nº Rexistro: 54574
Data envio: 17/11/2010 11:51:10.622

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 17/11/2010 11:48:54

María do Carme Adán Villamarín na data 17/11/2010 11:49:01

Bieito Lobeira Domínguez na data 17/11/2010 11:49:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:19
Nº Rexistro: 54577
Data envio: 17/11/2010 12:19:00.934

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e **Ana Luisa Bouza Santiago**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Nas últimas semanas O CEIP Couceiro Feijomil de Pontedeume vive unha situación que impide o normal desenvolvemento das aulas e das actividades da escola. Por unha banda, as aulas de infantil non cumpren as medidas regulamentarias, non teñen instaladas as brincadeiras no patio e logo das chuvias da última semana o alumnado ten que pasar o tempo de recreo no corredor.

O ximnasio e a biblioteca están inundadas e o centro de Formación do Profesorado corre risco de desprendemento. Esta situación vese agravada polos incendios sufridos fai tres semanas. Nos mesmos arderon varios aparatos electrónicos a raíz dun problema de tensión.

O centro foi recepcionado en setembro de 2009 e as deficiencias na súa construción poñen en serio perigo o normal desenvolvemento da actividade docente, o que é motivo de preocupación para toda a comunidade educativa do centro.

Ante esta situación:

1. Que accións vai emprender a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:19
Nº Rexistro: 54577
Data envio: 17/11/2010 12:19:00.934

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Pensa a Consellaría iniciar accións para reclamar responsabilidades á empresa construtora?
3. Como vai solucionar a Consellaría os problemas que padece o centro a cotiá para garantir o normal desenvolvemento das aulas?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010.

Asdo.: María do Carme adán Villamarín
Ana Luisa Bouza Santiago
Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 17/11/2010 12:12:17

Ana Luísa Bouza Santiago na data 17/11/2010 12:13:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:49
Nº Rexistro: 54580
Data envio: 17/11/2010 12:49:32.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago e **Ana Belén Ponton Mondelo**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á situación de deterioro da asistencia sanitaria en atención primaria e especializada na Area sanitaria de Santiago.

No ano 2010 a Area sanitaria de Santiago viviu un deterioro denunciado por profesionais e persoas usuarias, visíbel nos centros sanitarios e obxecto de debates e novas nos medios de comunicación. Unha parte desta situación é común a todo o País e xa o Grupo do BNG o ten denunciado en numerosas ocasións no Parlamento galego.

O peche masivo de camas hospitalarias, por riba da redución estacional de demanda, fixo que se colapsara o Servizo de Urxencias do CHUS ao non poder enviar a planta, por falta de camas, a doentes que tiñan que ingresar. Xa en Abril o BNG denunciou a necesidade de mellorar a cobertura das URXENCIAS no clínico, saturadas e sen espazo para atender adecuadamente aos ingresos. Non se cumpriu o compromiso da Consellería de Sanidade de reabrir as camas pechadas se a demanda o requiría, así que esta situación empeorou ao longo do verán. Pecháronse ademais algunhas camas como as do Hospital de Conxo co argumento da realización de obras que non precisaban do peche das camas.

A actividade programada sufre con esta diminución de dispositivos un retraso e intenta compensarse coa remisión de doentes a centros privados concertados para

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:49
Nº Rexistro: 54580
Data envio: 17/11/2010 12:49:32.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intervencións leves e o seu paso á lista non estrutural no caso de negárense a aceptar unha intervención nun centro privado, o que significa adiar sine-die a intervención.

O deterioro na atención especializada tamén ven de ser denunciado polas familias, como é o caso das 500 sinaturas entregadas para reclamar máis persoal para a unidade de atención temperá do CHUS que atende a nenas e nenos, cunha lista de espera incompatíbel coa atención temperá e un cambio continuo de terapeuta.

Ademais, cos datos de evolución das listas de espera estrutural dos últimos 2 anos, vemos que é o complexo hospitalario onde empeoran con máis rapidez e nalgunhas especialidades superase o ano de espera. En concreto, nas listas publicadas a 30 de setembro de 2010, é o centro hospitalario con peor evolución das listas estruturais. Pero ademais é xeneralizada a percepción do aumento da espera non publicada e que a Consellería se nega a publicar.

Tamén é un dos centros afectados pola información de rebaixa da actividade cirúrxica que aparece no informe CES 2009, que confirma a denuncia realizada dende o BNG sobre a parcialidade dos datos publicados pola Consellería de Sanidade e os aportados polo propio Presidente da Xunta no Parlamento galego. Que confirma o fracaso do parón da autoconcertación.

A Atención Primaria na comarca sufriu tamén os resultados da decisión da Consellaría de Sanidade de non cubrir as ausencias das/dos profesionais, cuestión que no verán, por mor das vacacións, afecta máis directamente a atención primaria. Nalgúns casos pechouse o cupo durante varios días ante a ausencia da/do facultativa/o titular. Noutros pechouse a axenda atendéndose como urxencias os casos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:49
Nº Rexistro: 54580
Data envio: 17/11/2010 12:49:32.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que non se podían adiar. Cando esta situación é diaria, e de varias persoas cada día, desorganiza a atención do centro ao írense incluíndo urxencias polo medio da axenda normal do resto de persoal facultativo. O resto de doentes, que non son atendidos como urxencias, ven retrasada a súa atención normal varios días, coas repercusións que pode ter na súa saúde. Reducíronse radicalmente os sistemas utilizados noutras ocasións como substitución externa, intersubstitución e prolongación, sistemas que manteñen a atención nos niveis medios dos centros. Esta situación xeneralízase para o persoal facultativo pero o mesmo está a suceder co resto do persoal (de xestión de servizos, de enfermería...) cuestión xa denunciada polas organizacións sindicais e que afecta á atención sanitaria.

Non hai previsto pola Consellería de Sanidade ningunha mellora das infraestruturas de Atención Primaria para os concellos de Muros, Noia, Lousame, Outes, Porto do Son e Mazaricos en toda a lexislatura, e non hai propostas alternativas á paralización do Plan de mellora da Atención Primaria.

Esta situación leva a este Grupo do BNG a realizar as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Cómo vai xestionar o Goberno galego as listas de espera que se producirán na Atención Primaria de xeneralizarse o sistema de pechar axendas de AP na xestión cotiá?

2.ª) Cómo ten previsto o Goberno galego resolver a baixada da actividade cirúrxica detectada polo CES no ano 2009?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2010 12:49
Nº Rexistro: 54580
Data envio: 17/11/2010 12:49:32.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.ª) Cantas persoas foron remitidas para intervencións a centros privados no ano 2010 na Area sanitaria de Santiago?

4.ª) Cántas persoas renunciaron a esta derivación e foron incluídas na lista de espera non estrutural?

5.ª) Qué previsións ten o Goberno galego para resolver a espera de máis dun ano en determinadas especialidades no CHUS e a evolución negativa das listas de espera na Area sanitaria de Santiago?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 17/11/2010 12:48:42

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/11/2010 12:49:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:36
Nº Rexistro: 54629
Data envio: 18/11/2010 10:36:09.809

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e **Bieito Lobeira Domínguez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

O mércores 17 de novembro de 2010 o Diario Oficial de Galicia publica a Resolución do 21 de outubro de 2010, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se fai pública a adxudicación dun contrato administrativo. Segundo reza no texto "En cumprimento do disposto no artigo 138º.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a adxudicación do seguinte contrato: Servizo para a elaboración da campaña informativa de divulgación dos novos valores do sistema de ensinanza non universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia." Esta adxudicación consta de dous lotes: Lote 1: creatividade, produción e accións especiais. Lote 2: estratexia, planificación de medios e execución da publicidade. O orzamento base de licitación ascende a 950.000 euros (IVE incluído). Lote 1: 200.000 euros (IVE incluído). Lote 2: 750.000 euros (IVE incluído). Como podemos comprobar con data de 14 de outubro de 2010 adxudicouse o primeiro lote por un importe de 194.989 euros (IVE incluído) e con data de 14 de outubro de 2010 o segundo lote por un importe de 750.000 euros (IVE incluído).

Partindo da premisa que o Presidente Feijóo anunciou no mes de outubro a supresión da campaña para promocionar o decreto de redución do galego nas aulas, e dado que o sistema educativo só sufriu como novidade por unha banda, o recorte de fondos, profesorado e unidades escolares públicas e, por outra, a prohibición de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:36
Nº Rexistro: 54629
Data envio: 18/11/2010 10:36:09.809

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impartir determinadas materias en lingua galega, este grupo parlamentar presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Que novos valores do sistema de ensinanza non universitaria pensa publicitar o Goberno galego por un valor de 944.989?

2. Pensa o Goberno que un valor a publicitar é recortar no orzamento do 2011 un 35% nas bolsa para estudar inglés do alumnado?

3. Pensa o Goberno que un valor a publicitar é recortar nun 53% as bolsas para o alumnado de FP que realiza prácticas en empresas?

4. Pensa que é un valor a publicitar recortar un 35% as axudas aos comedores escolares xestionados polas AMPAS?

5. Pensa que é un valor a publicitar reducir o profesorado de atención a diversidade e os programas de prevención do fracaso escolar?

6. Pensa que é un valor a publicitar suprimir a partida orzamentaria de Preescolar na casa?

Santiago de Compostela,18 de novembro de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Bieito Lobeira Domínguez
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2010 10:36
Nº Rexistro: 54629
Data envio: 18/11/2010 10:36:09.809

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 18/11/2010 10:04:41

Bieito Lobeira Domínguez na data 18/11/2010 10:04:45

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
   - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   - 2.1 INVESTIDURA
   - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
   - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   - 3.5 MOCIÓNS
   - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
     - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
     - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
   - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
   - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   - 4.2 INTERPELACIÓNS
   - 4.3 PREGUNTAS
   - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   - 5.3 VALEDOR DO POBO
   - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
   - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   - 6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
   - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
   - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
   - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
   - 8.2 PERSOAL
   - 8.3 ACTIVIDADES

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   - 9.1 INFORMACIÓNS
   - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727